

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 22 de outubro de 2007

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Francisco Xabier Alonso Pérez
D. Xulio Calviño Rodríguez
D. Santiago Domínguez Olveira
D. Carlos López Font
D^a Elena Maure Noia
D^a M^a Xosé Méndez Piñeiro
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz
D^a Carmen Silva Rego

Invitados:

D^a Raquel Díaz Vázquez
D^a María Jesús Lago Rey
D^a Laura López Atrio
D. Angel Rivas González
D. Xesús López Carreira
D^a Iolanda Veloso Ríos

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día vinte e dous de outubro de dous mil sete e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. Figueroa Dorrego.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1895).-PROPOSTA DE CONTRATACIÓN DO CONCERTO DE INAUGURACIÓN DO FESTIVAL DE MÚSICA “ARE-MORE” 2007. EXPTE. 10483/331.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico de actividades culturais, do 15.10.07, conformado polo xefe do Departamento de Cultura, o concelleiro de Cultura e Animación Sociocultural e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de contrato, que de seguido se transcribe, para a contratación, por procedemento negociado sen publicidade, dacordo co previsto no art. 210.b do RD 2/2000, do concerto

de inauguración do *Festival de Música Are-More 2007*, a cargo do grupo CAPELLA DE MINISTRERS e solistas, o día 30 de outubro, ás 20,30 horas, no Teatro Salesianos.

2º.- Facultar ao concelleiro da Área de Cultura e Animación Sociocultural para asinar o presente contrato.

3º.- Autorizar un gasto por un importe total de 68.440.-€, con cargo á partida 451.0.226.08.03 do programa presupostario de Cultura vixente para o presente exercicio, en concepto da contratación do referido espectáculo e que se aboará a ALEJANDRO ARNÁIZ MÉNDEZ, con NIF 36.074.726-P.

4º.- Que o pagamento se realice a través da conta de habilitación AUT 20 CULTURA CONCELLO DE VIGO 2091 0501 61 3110002567.

*PROXECTO DE CONTRATO DE PRESTACIÓN DE SERVICIOS PARA ACTUACIÓN ARTÍSTICA
CAPELLA DE MINISTRERS e solistas
L'ORFEO, fabola in música*

En Vigo, o XXXXXXX de outubro de dous mil sete.

Dunha parte D. Xesus López Carreira, en calidade de concelleiro da Área de Cultura e Animación Sociocultural, e en representación do CONCELLO DE VIGO, CIF P-3605700-H , con domicilio social en Vigo, Praza do Rei s/n, CP 36202, que no presente contrato denominarase O CONCELLO.

Doutra parte D. Alejandro Arnáiz Méndez, NIF 36074726-P, que actúa en representación de si mesmo, e con domicilio en Ames (A Coruña), Urbanización Las Mimosas, A-12, CP 15895; no sucesivo A AXENCIA.

Ámbalas dúas partes, na representación que ostentan, recoñécense capacidade xurídica suficiente para celebrar o presente contrato que rexirá de conformidade ás seguintes

CLÁUSULAS

OBXECTO DO CONTRATO

PRIMEIRA.- O CONCELLO contrata á AXENCIA para que realice o concerto de inauguración do Festival de Música de Vigo “Are-More 2007”, a cargo do grupo CAPELLA DE MINISTRERS e solistas, coa ópera en conerto L’orfeo, fabola in música, no sucesivo O ARTISTA. O concerto terá lugar o martes 30 de outubro de 2007, ás 20,30 horas, no recinto denominado Teatro Salesianos. O ARTISTA efectuará un concerto dunha duración mínima de 90 minutos.

Este concerto inclúese no FESTIVAL DE MÚSICA DE VIGO “ARE-MORE” 2007, que programa e organiza o departamento de Cultura do Concello de Vigo.

VALIDEZ

SEGUNDA.- A validez deste contrato será efectiva dende o momento en que se encontre en poder da AXENCIA, debidamente asinado e selado en todas as súas follas, incluídas as do ANEXO, sempre antes do día 29 de outubro de 2007.

RETRIBUCION E GASTOS

TERCEIRA.- A AXENCIA percibirá unha retribución de 59.000.- Euros máis 9.440.- Euros (en concepto de 16 % de IVE), o que fai un importe total de 68.440.-Euros (sesenta e oito mil catrocentos corenta euros), en concepto da realización do concerto do ARTISTA; este concepto tamén inclúe o seu equipo técnico e humano necesario, ademais dos correspondentes desprazamentos, aloxamentos e mantenza.

O pagamento deste importe realizarase mediante un talón nominativo a favor de Alejandro Arnáiz Méndez NIF 36.074.726-P, que se lle entregará momentos antes do comezo do concerto, co ARTISTA no recinto, previa presentación de factura que se axustará aos requisitos establecidos no Real Decreto 1496/2003, do 28 de novembro.

CUARTA.- Serán de conta do CONCELLO todos os gastos que se xeneren como consecuencia do concerto, entre os que se inclúen a modo de exemplo os de organización, xestión, seguros (agás o de cancelación para gastos de produción), publicidade e dereiros de autor.

PERMISOS

QUINTA.- O CONCELLO, como organizador, responsabilizarase da obtención dos permisos necesarios para a celebración da actuación no lugar e data determinados.

AFORO E ENTRADAS

SEXTA.- O local da actuación dispón dun aforo de 576 butacas. O CONCELLO porá as correspondentes entradas á venda e será o beneficiario da total recaudación; tamén reservará invitacións protocolarias das que entregará á AXENCIA un máximo de dez (10).

O CONCELLO poderá establecer as condicións de acceso do público ao concerto, que difundirá adecuadamente e que imprimirá na parte posterior da entrada ou invitación.

IMAXE DO ARTISTA

SÉTIMA.- O CONCELLO non poderá comercializar por si ou a través de terceiros, en ningún momento, algunha mercadoría ou produto vinculados ao concerto obxeto deste contrato que utilice a imaxe, o nome ou logotipo do ARTISTA, sen o previo consentimento da AXENCIA, por escrito. A AXENCIA reservarase o dereito da explotación de produtos relacionados co ARTISTA no día e lugar do concerto, acordando previamente co CONCELLO o lugar exacto e demais condicións de venda.

OITAVA.- Para efectuar calqueira retransmisión radiofónica, televisiva, toma de vídeo, fotografías ou calquera outro medio de gravación, será obrigatorio obter por escrito autorización da AXENCIA. Por este motivo, O CONCELLO non permitirá a entrada no local do concerto de ningún tipo de cámara de vídeo ou cine, gravadoras ou calquera instrumento ou aparato que rexistre ou reproduza son ou imaxe. O CONCELLO advertirá ao público sobre a imposibilidade de acceder ao local con estes obxetos.

NOVENA.- A AXENCIA fixará os contactos promocionais oportunos, consistentes en citas e en entrevistas cos medios de comunicación e demais persoas vinculadas ao espectáculo, polo que disporá dos pases necesarios ao lugar do concerto a fin de atender os seus compromisos.

A AXENCIA comunicará ao CONCELLO, con sete días de antelación, as normas para que os medios de comunicación poidan realizar a cobertura informativa do concerto. No caso contrario, enténdese que os medios acreditados polo CONCELLO poderán rexistrar imaxes e son dos cinco primeiros minutos do concerto.

PUBLICIDADE

DÉCIMA.- O CONCELLO, dende a sinatura do presente contrato, comprométese a realizar unha campaña de publicidade axeitada ao concerto, para o que A AXENCIA porá á súa disposición os elementos publicitarios que se consideren necesarios.

PATROCINIOS

DÉCIMO PRIMEIRA.- O CONCELLO poderá contar coa colaboración de institucións públicas ou empresas privadas no seu programa xeral de actividades do festival, o que implica que se reserva o dereito de poder exhibir publicidade ou anagramas dos seus colaboradores na publicidade xeral, así como no recinto do concerto e nos seus aledaños, excepto no escenario, co obxecto de evitar a asociación da imaxe do ARTISTA cos citados colaboradores.

O Festival de Música de Vigo ARE-MORE 2007 está patrocinado a nivel xeral pola FUNDACIÓN CAIXAGALICIA, a Consellería de Cultura e Deportes da XUNTA DE GALICIA e a SA Xestión do Plan Xacobeo, polo que os seus logos aparecerán na publicidade xeral.

Así mesmo, este concerto de inauguración contará co patrocinio específico de PSA-PEUGEOT-CITROEN, polo que o seu logo aparecerá na difusión que del se realice.

DÉCIMO SEGUNDA.- Se o concerto ou xira do ARTISTA dispón dalgún patrocinador, A AXENCIA, cunha antelación mínima de 30 días respecto á data do concerto, comunicará esta situación ao CONCELLO, quen poderá cancelar o contrato se existise algunha incompatibilidade cos seus propios patrocinadores. Neste caso, o CONCELLO comunicará esta circunstancia á AXENCIA nun prazo de 10 días, sen que corresponda indemnización algunha á AXENCIA.

SEGURIDADE DO CONCERTO

DÉCIMO TERCEIRA.- O CONCELLO responsabilizarase da seguridade xeral do concerto, polo que serán da súa conta a contratación dos medios mínimos definidos neste contrato ou no seu anexo, ademais do que se derive do Regulamento xeral de policía de espectáculos e actividades recreativas e outra lexislación aplicábel; sen perxuízo da responsabilidade que corresponda ao propietario do local do concerto.

DÉCIMO CUARTA.- Sen perxuízo das responsabilidades que se poideran atribuír á AXENCIA ou ao ARTISTA sobre o cumprimento da súas obrigas en materia de seguridade, O CONCELLO cumprirá coas que lle correspondan.

DÉCIMO QUINTA.-O CONCELLO será responsábel de impedir que se introduzan no local do concerto obxectos que puideran resultar perigosos para a integridade física das persoas ou que poidan causar danos materiais aos elementos que formen parte do concerto.

DÉCIMO SEXTA.- O CONCELLO asume a obriga de garantir que en ningún caso o público teña acceso ao escenario, estruturas e equipos de son e luces, camerinos, etc., e, en xeral, aquelas zonas que se definan como perigosas para as persoas ou para o bo desenvolvemento do concerto.

DÉCIMO SÉTIMA.- O CONCELLO responderá da perda ou deterioro de todos os obxectos que O ARTISTA instale no local do concerto, tanto dos instrumentos e materiais de escenario, como dos efectos persoais de camerino, sempre e cando A AXENCIA entregue antes da súa entrada no recinto unha declaración escrita na que se detalle ese material ao CONCELLO.

INSTALACIÓNS

DÉCIMO OITAVA.- O CONCELLO porá a disposición da AXENCIA o recinto do concerto desde as 9:00 horas do día do concerto e até as dúas horas despois da súa finalización.

DÉCIMO NOVENA.- As instalacións, dependencias, persoal e servizos do lugar do concerto estarán en perfecto estado de dispoñibilidade, según as obrigas e condicións definidas en este contrato e o seu anexo, para asumir polo CONCELLO.

SUSPENSIÓN DO CONCERTO

VIXÉSIMA.- Se por calquera causa allea á AXENCIA, incluso fenómenos atmosféricos ou de forza maior, o concerto houbera de suspenderse, A AXENCIA percibirá a totalidade das súas retribucións. A decisión sobre a suspensión será tomada conxuntamente entre os representantes da AXENCIA e do CONCELLO, mediante a sinatura dunha acta de conformidade.

VIXÉSIMO PRIMEIRA.- Se dende a sinatura do presente documento, O CONCELLO decidira suspender o concerto unilateralmente, A AXENCIA percibirá a totalidade das súas retribucións.

VIXÉSIMO SEGUNDA.- Só no caso de enfermidade ou forza maior xustificada do ARTISTA ou dalgún compoñente do seu equipo que lle impida cumprir os compromisos adquiridos mediante o presente documento, poderá A AXENCIA rescindir o mesmo, sen ningún dereito a indemnización por parte do CONCELLO; neste caso, A AXENCIA non percibirá cantidade algunha do pactado no presente contrato. Por este motivo, A AXENCIA comprométese a suscribir un seguro que, en caso de incomparecencia do artista, cubra os gastos de produción.

INCUMPRIMENTOS E COMPROMISOS

VIXÉSIMO TERCEIRA.- O incumprimento, total ou parcial, por parte do CONCELLO do establecido en calquera das estipulacións do presente documento, facultará á AXENCIA a rescindir o contrato.

VIXÉSIMO CUARTA.- O CONCELLO non asume respecto ao ARTISTA ou á AXENCIA ningunha outra obriga ou compromiso que non estea indicado expresamente neste contrato e nos seus Anexos.

XURISDICIÓN

VIXÉSIMO QUINTA.- As partes contratantes sométense aos Tribunais da xurisdición que corresponda á cidade onde se realiza o concerto, con expresa renuncia de calquera outro foro de xurisdición que puidera corresponderlles, para resolver cantas cuestións puidieran derivarse con motivo da interpretación ou cumprimento do presente contrato.

E en proba de conformidade, asinan as partes este documento por triplicado e a un só efecto, no lugar e data indicados.

ANEXO DE CONDICIÓN TÉCNICAS

1. INSTALACIÓNS E EQUIPAMENTOS.

1.1. ESCENARIO.

O escenario do recinto de actuación ten unhas medidas de 12 metros de fronte por 7,5 metros de fondo.

1.2. ILUMINACIÓN.

O CONCELLO subministrará o material de iluminación necesario para o desenvolvemento do espectáculo e existente no propio teatro.

1.3. BACKLINE E TRADUCTOR

O CONCELLO subministrará un clave e un órgano con Regal. Así mesmo, contará cun sistema de lectura de subtítulos para o público.

1.4 RECINTO E INSTALACIÓNS.

O CONCELLO e A AXENCIA coñecen e aceptan as características xerais do local e as súas instalacións e considéranas axustadas ás necesidades do concerto.

2. ÁREAS RESERVADAS OU DE ACCESO RESTRINXIDO.

- camerinos
- saída ao escenario (entre caixas)
- pasillos entre camerinos e escenario

3. ACOMETIDAS ELÉCTRICAS.

Non se precisan

4. CAMERINOS.

O CONCELLO proveerá ao ARTISTA de dous camerinos; todos eles estarán aillados do público, próximos ao escenario e con acceso directo ao mesmo, con capacidade suficiente para as características do espectáculo.

Os camerinos estarán limpos e debidamente acondicionados, provistos dos seguintes elementos: servizos sanitarios e ducha, luz eléctrica, auga corrente, enchufes a 220 voltios, cadeiras, mesas, espellos, toallas, xabón, papel hixiénico e pechadura con chave.

Ninguén alleo á AXENCIA ou ao ARTISTA, sen a súa autorización, accederá aos camerinos, que estarán dispoñíbeis e vixiados dende o inicio das montaxes ata o final da desmontaxe. O CONCELLO facilitará á AXENCIA ou ao ARTISTA o acceso inmediato aos camerinos cando estes llo requiran.

5. CATERING.

O CONCELLO deberá suministrar no camerino do ARTISTA cunha antelación de UNHA HORA respecto á hora do comezo do concerto o seguinte catering: auga mineral, infusións e fruta.

Tamén O CONCELLO proveerá de auga mineral aos técnicos antes (montaxes), durante e despois (desmontaxes) do concerto.

6. VEHÍCULOS.

O CONCELLO xestionará que os vehículos que transporten o equipo do ARTISTA teñan acceso directo ao escenario ou ás portas do local da actuación; en caso contrario, O CONCELLO proveerá ao seu cargo os medios necesarios para desprazar alí os equipos.

O CONCELLO xestionará ou habilitará un espazo para circulación ou aparcadoiro de DOUS vehículos do ARTISTA e da AXENCIA que participen na realización do concerto, para o que A AXENCIA deberá facilitarlle ao CONCELLO, cunha antelación mínima de 15 días naturais respecto á data do concerto, os datos necesarios dos vehículos.

7. MERCHANDISING.

O CONCELLO facilitaralle, se é o caso, á AXENCIA un espazo e mesa para o “merchandising” do ARTISTA, e unha persona para a súa atención e venda.

8. PERSOAL DE PRODUCCIÓN.

8.1. RESPONSÁBEL DE PRODUCCIÓN.

O CONCELLO designará a unha persoa como único interlocutor válido ante A AXENCIA para as cuestións de produción e organización relacionadas co concerto. A AXENCIA coñecerá de antemán a identidade do responsábel da produción, que estará presente no lugar do concerto á hora que se acorde para iniciar as montaxes. Durante o tempo de vixencia do contrato, o responsábel da produción estará permanentemente localizábel.

8.2. ELECTRICISTA.

O CONCELLO porá a disposición da AXENCIA un electricista cualificado e coñecedor da instalación do lugar do concerto, que terá que estar presente á chegada dos equipos do ARTISTA, durante as probas de son ou ensaios técnicos e durante o concerto. O resto do tempo no que estea vixente o contrato, estará permanentemente localizábel.

8.3. MANTEMENTO.

O CONCELLO ocuparse do mantemento das instalacións do local do concerto, polo que disporá ao seu cargo do persoal e materiais axeitados.

8.4. OUTRO PERSOAL.

Será a cargo do CONCELLO calquer outro persoal necesario para a organización do concerto, como por exemplo: taquilleiros, porteiros, acomodadores.

9. VIXILANCIA E SEGURIDADE.

O CONCELLO disporá dun equipo humano para realizar o servizo de vixilancia e seguridade que estará formado por persoal civil e especializado, e que deberá impedir a proximidade de persoas ao escenario, camerinos, “backstage”, equipos de son e luces, etc., de forma efectiva pero absolutamente respetuosa coas persoas. Este servizo cumprirá as obrigas de seguridade que se atribúen ao CONCELLO neste contrato.

O servizo de vixilancia e seguridade estará dispoñíbel dende 30 minutos antes do concerto até o final do mesmo. O persoal de seguridade atenderá

- zona de camerinos e pasillos
- acceso ao escenario e “backstage”
- equipos de son e de iluminación

As indicacións dos responsábeis de produción designados polo CONCELLO, co obxecto de contribuir ao bo desenvolvemento do concerto e dar cobertura ás obrigas adquiridas polo CONCELLO ante A AXENCIA e O ARTISTA, en canto á vixilancia e seguridade.

Até o momento de apertura de portas ao público, ao lugar do concerto só poderá acceder o persoal relacionado coa AXENCIA, O ARTISTA e o persoal de organización do CONCELLO. Todo o persoal relacionado co concerto deberá levar en lugar visible unha acreditación.

Dende 15 (quince) minutos antes do momento de apertura de portas ao público, O CONCELLO montará un dispositivo de seguridade integrado, como mínimo, por DÚAS persoas identificábeis con acreditacións visíbeis.

O CONCELLO comunicará á AXENCIA a identidade da persoa que dirixirá o servizo de vixilancia e seguridade, que estará permanentemente localizábel durante a vixencia do contrato e no lugar do concerto dende o momento de inicio da montaxe do dispositivo de seguridade, que funcionará antes da apertura de portas ao público.

10. ACTUACIÓN E ENSAIO.

10.1. DISPONIBILIDADE DE ESCENARIO E ACOMETIDAS ELÉCTRICAS.

Durante a xornada completa do día do concerto

10.2. ENSAIO TÉCNICO.

O ARTISTA precisa realizar un ensaio técnico no lugar do concerto, que terá unha duración de DÚAS horas aproximadamente, e que se realizará o día da actuación no horario que se acorde. Durante estes ensaios técnicos, non poderá haber persoas alleas á organización do concerto.

10.3. HORARIOS (ACTUACIÓN E PORTAS).

O concerto comezará con estricte puntualidade á hora fixada neste contrato, que será a anunciada ao público. A apertura de portas ao público producirase media hora antes do concerto (20,00h). Nese momento entrará en funcionamento a totalidade do dispositivo de seguridade e terán que estar finalizados todos os ensaios técnicos.

11. PUBLICIDADE.

A AXENCIA porá a disposición do CONCELLO, coa suficiente antelación, o material básico para a promoción do concerto: un dossier artístico (currículo dos artistas, músicos..., programa completo), fotografías de calidade en CD, fragmentos musicais en CD para medios radiofónicos...

Ámbalas dúas partes comprométense a cumprir todos os compromisos integrados neste contrato e anexo de condicións técnicas do espectáculo; así como a acordar outras estipulacións que contribúan á perfecta realización da actuación.

E en proba de conformidade, asinan as partes este documento por triplicado e a un só efecto, no lugar e data indicados.

2(1896).- SOLICITUDE DA AA.VV AGARIMO-SAN XOAN POULO PARA A REALIZACIÓN DO MARATÓN “MEMORIAL FERNANDO NOGUEIRA” O 28 DE OUTUBRO DE 2007. EXPTE. 7258/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 26.09.07, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar , a A.VV. San Xoán Poulo, a organizar o vindeiro 28 de outubro de 2007, o Maratón Memorial Fernando Nogueira, a partir das 11,00 horas e cun percorrido dende a Igrexa de San Xoán Poulo e pasando polas rúas Cantabria, Pouleira e Vista do Mar e rematando na A.VV. San Xoán Poulo .

3(1897).-EXPEDIENTE DE CONTRATOS MENORES APROBADO POLO SERVIZO DE ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL NOS MESES DE XULLO E AGOSTO DE 2007. EXPTE. 2341/335.

Mediante providencia do concelleiro delegado da Área de Animación Sociocultural, do 10.10.07, en cumprimento da base 31ª das de execución do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2005, dáse conta da relación de expedientes de gasto menor tramitados polo servizo de Animación Sociocultural durante os meses de xullo e agosto, que son os seguintes:

EXPTE. 2294/335. CONTRATACIÓN ACTUACION “VOCES DE VIGO”.
DECRETO CONCELLEIRO DATA: 20-07-07
INFORME INTERVENCIÓN: RC. 45170
ADXUDICATARIO: FEDERACION DE CORAIS POLIFONICAS DE VIGO
IMPORTE: 11.950,00 €

EXPTE. 2295/335. CONTRATACIÓN CINCO BANDAS DE MUSICA.
DECRETO CONCELLEIRO DATA: 20-07-07
INFORME INTERVENCIÓN: RC. 45174
ADXUDICATARIO: FEDERACION BANDAS DE MUSICA POPULARES.
IMPORTE: 6.050,00 €

EXPTE. 2296/335. CONTRATACIÓN CORAL CASABLANCA.
DECRETO CONCELLEIRO DATA: 20-07-07
INFORME INTERVENCIÓN: RC. 45178
ADXUDICATARIO: CIRCULO MERCANTIL E INDUSTRIAL DE VIGO
IMPORTE: 6.000,00 €

EXPTE. 22971/335. CONTRATACIÓN XII MARATON FOTOGRAFICO.
DECRETO CONCELLEIRO DATA: 20-07-07
INFORME INTERVENCIÓN: RC. 45167
ADXUDICATARIO: AGRUPACION FOTOGRAFICA GALLEGA
IMPORTE: 6.000,00 €

EXPTE. 2301/335. CONTRATACIÓN PATROCINIO PUBLICITARIO CONCERTOS NAUTICO 2007.
DECRETO CONCELLEIRO DATA: 23-07-07
INFORME INTERVENCIÓN: RC. 45195
ADXUDICATARIO: REAL CLUB NAUTICO
IMPORTE: 6.000,00 €

EXPTE. 2291/335. CONTRATACIÓN CRUZ VERMELLA FESTAS VIGO 2007.
DECRETO CONCELLEIRO DATA: 19-07-07
INFORME INTERVENCIÓN: RC. 44498

ADXUDICATARIO: CRUZ VERMELLA ESPAÑOLA.
IMPORTE: 4.000,00 €

EXPTE. 2293/335. RESERVA CREDITO TRANSPORTES LIXEIROS DO SERVIZO.
DECRETO CONCELLEIRO DATA: 19-07-07
INFORME INTERVENCIÓN: RC. 45265
ADXUDICATARIO: VARIOS
IMPORTE: 3.000,00 €

EXPTE. 2311/335. CONTRATACIÓN ILUMINIACION SON TEATRO VIGUES.
DECRETO CONCELLEIRO DATA: 07-08-07
INFORME INTERVENCIÓN: RC. 47236
ADXUDICATARIO: LUZ PUNTUAL SL
IMPORTE: 10.921,38 €

EXPTE. 2310/335. CONTRATACIÓN MONTAXE DESMONTAXE TEATRO VIGUES.
DECRETO CONCELLEIRO DATA: 07-08-07
INFORME INTERVENCIÓN: RC. 47238
ADXUDICATARIO: PRODUCCION E XESTION CULTURAL SL.
IMPORTE: 8.098,89 €

EXPTE. 2314/335. CONTRATACIÓN PERSOAL E COORDINACION TECNICA TEATRO VIGUES.
DECRETO CONCELLEIRO DATA: 09-08-07
INFORME INTERVENCIÓN: RC. 47627
ADXUDICATARIO: VAN DIVULGACION CULTURAL SL
IMPORTE: 8.728,05 €

EXPTE. 2307/335. RESERVA CREDITO GASTOS FESTAS CRISTO 2007
DECRETO CONCELLEIRO DATA: 2-08-07
INFORME INTERVENCIÓN: RC. 46788
ADXUDICATARIO: IMPREVISTOS
IMPORTE: 8,000,00 €

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

4(1898).-DEVOLUCIÓN DE AVAL A PROMOCIONES DEVESA Y GARCÍA, S.L. POR RESERVA ESPECIAL DE VÍA PÚBLICA POR OBRA NA RÚA DARÍO DURÁN EXPTE. 74085/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de Transporte, do 9.10.07, conformado polo concelleiro-delegado de Mobilidade, Transporte e Seguridade, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servicios da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 21 de outubro de 2005 por PROMOCIONES DEVESA Y GARCIA, S.L, con NIF B-36363695 por un

importe de 1,500 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na rúa DARIO DURAN, por non producirse danos.

5(1899).-DEVOLUCIÓN DE AVAL A FEDERACIÓN DE PEÑAS “EL OLIVO” PRESENTADO PARA RESPONDER DE POSIBLES DANOS DERIVADOS DA REALIZACIÓN DA FESTA DAS PEÑAS NO PARQUE DE CASTRELOS.. EXPTE. 74081/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de Transporte, do 15.10.07, conformado polo concelleiro-delegado de Mobilidade, Transporte e Seguridade, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval presentado en data 28 de febreiro de 2007 pola FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS EL OLIVO, con C.I.F.G-36.704.666, por un importe de 1200 €, para responder dos posibles danos con motivo da celebración da FESTA DAS PEÑAS, os días 23 e 24 de xuño do ano en curso, no parque de Castrelos, por non producirse danos na vía pública.

6(1900).-RECTIFICACIÓN REXISTRAL PARCELA RÚA PÁRROCO DON SERAFÍN. EXPTE. 18115/240

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 9.10.07, conformado pola xefa do Área de Réxime Interior e polo concelleiro delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local (LBRL).

Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas (LPAP).

Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).

Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).

Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais (RBEL).

Lei 30/1992, de 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común (LRJAP).

Real Decreto de 24 de xullo de 1889, Código Civil (CC).

Decreto de 8 de febreiro de 1946, Lei hipotecaria (LH).

Decreto de 14 de febreiro de 1947, Regulamento da lei hipotecaria (RH).

ANTECEDENTES

Primeiro.- D. Castor Villar González, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 21 de xuño de 2007, formula denuncia en base os seguintes feitos: que a entidade mercantil CENQUI S.A comprou unha finca na parroquia de Teis colindante coa rúa Párroco Serafín, inscrita no Rexistro da Propiedade nº 2 de Vigo, no tomo 1.049, libro 615, finca 37.035. Con posterioridade esta mercantil outorgou escritura notarial de rectificación, modificando os lindeiros da súa propiedade, e incluíndo dentro da mesma a rúa Párroco Serafín, escritura que foi obxecto de inscrición rexistral.

Segundo.- Durante a instrución do expediente solicitouse informe do servizo municipal de cartografía da Xerencia municipal de urbanismo sobre o carácter do camiño obxecto do mesmo, evacuado en data 18 de xuño de 2007, e posteriormente se lle outorgou trámite de audiencia á mercantil CENQUI S.A., na súa calidade de interesado no presente procedemento, para formular as alegacións e presentar a documentación que estimase convinte na defensa dos seus dereitos.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A entidade mercantil CENQUI S.A. é propietaria dunha finca que consta inscrita no Rexistro da Propiedade nº 2 de Vigo, no tomo 1. 535, libro 676, folio 169, finca 37. 035, coa seguinte descrición: “Edificio industrial, integrado por cuatro naves (...). Dicho edificio se halla levantado sobre un terreno con una superficie de siete mil trescientos noventa y cinco con ochenta y cuatro metros cuadrados, sito en el nombramiento de Cambeiro, Lago y otros, en la parroquia de Teis, municipio de Vigo, que linda: Norte o frente, la avenida Angel de Lema y Marina y camino de Padín, en plano inferior; Sur, de Cenqui S.A., en plano superior; Este, Rosa y Gerardo Tizón, Cándido Broullón y otros y además camino de Padín, que separa de Angeles Pereira; y, Oeste o derecha, camino propio que separa del cementerio parroquial de Teis”. A actual cabida e lindeiros da finca resultan do outorgamento de escritura notarial de rectificación da cabida e lindeiros ante o notario José Luis Lorenzo Areán, en data 14 de abril de 2003, baixo o número de protocolo 828, inscrita en cuanto ó exceso de cabida no Rexistro da Propiedade ó amparo do artigo 298 apartado 3 do RH.

Segundo.- Son bens de dominio público os que, sendo de titularidade pública, se atopen afectados ó uso xeral ou ó servizo público, así como aqueles ós que una lei outorgue expresamente o carácter de demaniais (artigos 5 LPAP, 79 LBRL, 263 LALG). Dentro dos bens demaniais das corporacións locais, teñen a consideración de bens de uso público local, entre outros, os camiños de aproveitamento ou utilización xeral cuxa conservación e policía sexan competencia da entidade local (artigos 264 LALG, 74 TRRL e 3 RBEL).

Terceiro.- As Administracións públicas teñen obriga protexer e defender o seu patrimonio, e a tal fin exercerán as potestades administrativas e accións xudiciais que sexan procedentes (artigos 68.1 LBRL; 28 LPAP; 270, 284.2, 285 LALG; 220 ROF e 9 e 73 RBEL). Neste senso, o artigo 6 da LPAP impón que a xestión e administración dos bens e dereitos demaniais polas Administracións públicas se axustará, entre outros, ó principio de exercicio dilixente das prerrogativas que a presente lei u outras especiais outorguen ás Administracións públicas, garantindo a súa conservación e integridade, precepto que ten o carácter de lexislación básica consonte a disposición final 2ª da citada lei.

Cuarto.- Entre os medios e facultades que establece o ordenamento xurídico para garantir a protección e defensa do patrimonio das Administracións públicas atopase a obriga de inventariar os bens e dereitos que o integran, facendo constar, co suficiente detalle, as mencións necesarias para a súa identificación, así como as que resulten precisas para reflectir a súa situación xurídica e o destino ou uso a que son adicados (artigos 32.1 LPAP, 278 LALG, 86 TRRL e 17 RBEL). No entanto, o inventario municipal de bens e dereitos é un simple

registro de carácter administrativo, cuxa finalidade principal é servir de medio á administración municipal para xestionar o seu propio patrimonio, non determina por si mesmo a propiedade dos bens inscritos. Do mesmo xeito, o feito de que un determinado ben non conste inscrito no inventario non implica que non sexa de propiedade municipal. As cuestións de propiedade son de orde civil.

Quinto.- O ordenamento xurídico reconece as corporacións locais plena capacidade xurídica para a adquisición de toda clase de bens e dereitos por calquera medio válido en dereito (artigos 5 LRBRL; 270 e 275 da LALG; 8.4.c, 9, 14.1 RBEL).

O código civil determina os diferentes modos de adquirir a propiedade: ocupación, por ministerio da lei, por doazón, por sucesión testada e intestada, por medio da prescrición e por consecuencia de certos contratos mediante a tradición (artigo 609 CC).

Para a prescrición ordinaria do dominio e demais dereitos reais se necesita posuír as cosas con boa fe e xusto título polo tempo determinado na lei (artigo 1940 CC). E esta posesión terá que reunir os seguintes requisitos: deberá ser en concepto de dono, pública, pacífica e non interrompida (artigo 1941 CC), estabalecéndose diferentes prazos posesorios segundo se trate de bens mobles ou inmobles, e neste segundo caso, segundo se estea consumando entre presentes ou ausentes (artigo 1957 CC). No entanto, o código civil consagra unha prescrición extraordinaria que permite prescribir o dominio e os demais dereitos reais sobre os bens inmobles unicamente mediando os requisitos de posesión non interrompida durante trinta anos, sen necesidade de título nin de boa fe, y sen distinción entre presentes y ausentes (artigo 1959 CC).

O Sr. Xefe do servizo de Cartografía, en informe de data 18 de xuño de 2007, tras examinar a documentación que obra no expediente de expropiación forzosa dos terreos necesarios para levar a cabo a construción dun cemiterio na parroquia de Teis, aprobado pola Comisión municipal permanente do Concello de Lavadores en data 5 de xaneiro de 1938, manifesta o seguinte:

“O camiño que discorre no lindeiro leste do Cemiterio municipal de Teis, e en dirección norte-sur, hoxe rúa do Párroco D. Serafín, é un camiño público, tal e como se describe en todas as parcelas descritas no expediente de expropiación do ano 1938 e como camiño vello (...).

No plano parcelario a escala 1/400, asinado polo Perito agrícola D. Fidel Domínguez Rodríguez, de data 1 de febreiro de 1938, está grafiado no dito lindeiro como camiño.

No pleno de data 30 de maio de 1988 houbo unha rectificación do inventario municipal a efectos de superficie, pero non nos seus lindes, polo que segue inscrita a dita parcela no rexistro como camiño público.

Examinado o catastro dito camiño, hoxe rúa Párroco D. Serafín, aparece reflectido como rúa, tanto na expresión gráfica como na toponimia.

Examinada a escritura de rectificación, outorgada por CENQUI S.A. ante o notario D. José Luis Lorenzo Arean, en data 13 de abril de 2003, co número 828 do seu protocolo, efectúase unha mutación do lindeiro oeste. Onde dicía “oeste ou dereita, camiño que separa do cemiterio de Teis” agora di “oeste ou dereita, camiño propio que separa do cemiterio parroquial de Teis”, e por onde aumenta un exceso de cabida de 324, 84 m².

O mero feito de non estar grafiado o camiño, hoxe rúa Párroco D. Serafín no libro do inventario municipal de viais, non quere dicir que non sexa público, polo que para o técnico que subscribe dito camiño é de natureza pública.”

Así mesmo, o Sr. Villar, no seu escrito de denuncia, manifesta que a rúa Párroco D. Serafín conta con asfaltado público, alumeado público, saneamento, sinalización e que por ela circula a diario o tráfico rodado, é dicir, que reúne as características de camiño público.

D. Luis Quinzán Pardo, en nome e representación da entidade mercantil CENQUI S.A., na súa calidade de administrador único da mesma, en trámite de audiencia, mediante escrito con data de entrada no rexistro xeral deste Concello de 31 de agosto de 2007, formula entre outras as seguintes alegacións: que non procedeu a realizar usurpación de patrimonio público municipal por canto, previamente ó outorgamento da escritura de rectificación da súa finca, de data 14 de abril de 2003, procedeu a solicitar certificación ó Concello da situación

do camiño adxacente ó Cemiterio de Teis, e adxunta unha certificación de data 26 de novembro de 2002, emitida polo Sr. Arquitecto municipal da Unidade de Patrimonio, na que se declara que “o camiño adxacente ó Cemiterio de Teis (...) non figura como público no Inventario municipal de bens e dereitos, aprobado por acordo plenario de data 4 de maio de 1993”.

No entanto, o arquitecto municipal da Unidade de Patrimonio, de novo a solicitude D. Luis Quinzán Pardo, emite nova certificación, en data 11 de agosto de 2004, na que se pon de releve que na ficha de características da propiedade municipal nº 000135, cemiterio de Teis, figura que este linda polo leste con camiño público que non consta inventariado máis que “consultada a documentación escritural, o actual camiño era parte integrante da parcela matriz na que se construíu o recinto funerario”.

Á vista destes datos, podemos concluír, que se ben a rúa Párroco D. Serafín non consta inscrita no inventario municipal de bens e dereitos, ilo non obsta ó seu carácter de ben de dominio público, segundo consta en documentos oficiais e escrituras públicas e privadas datadas en 1938. Que aínda que o Concello carecese de título, dado o tempo transcorrido, ten consolidada a adquisición por prescrición extraordinaria. E tratándose de un ben de dominio público, o ordenamento xurídico outórgalle as calidades de inalienabilidade, imprescritibilidade e inembargabilidade (artigos 132 Constitución Española, 6 LPAP, 5 RBEL e 266 LALG), resultando unha res extra commercium insusceptible de apropiación polos particulares, polo que aínda que CENQUI S.A. inscriba o seu favor a rúa obxecto do presente expediente non poderá adquirirla por prescrición.

Sexto.- A lei hipotecaria considera inexactitude do Rexistro todo desacordo que exista entre o Rexistro e a realidade xurídica extrarrexistral en relación ós dereitos inscritibles (artigo 39 LH). Deste xeito, o feito de que conste inscrita á favor de CENQUI S.A. a propiedade da rúa Párroco D. Serafín constitúe unha inexactitude rexistral nos termos expresados na lexislación hipotecaria e o Excmo. Concello de Vigo, como titular do dominio da devandita rúa, deberá exercer as accións precisas para promover a rectificación do Rexistro (artigo 40 LH).

Sétimo.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, de conformidade co disposto no artigo 127.1 f da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local.

En mérito ó que antecede, en exercicio das atribucións que lle confire a lexislación vixente, propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Dar traslado do presente expediente ó Departamento de Asesoría Xurídica ó efecto de exercer as accións que resulten procedentes para promover a rectificación rexistral da inscrición da propiedade de CENQUI S.A. en relación co lindeiro oeste ou dereita.

2º.- Efectuar as actuacións oportunas para dar de alta no inventario municipal de bens e dereitos a rúa Párroco D. Serafín.

3º.- Proceder a inscribir á favor do Concello a propiedade da rúa Párroco D. Serafín no Rexistro da Propiedade”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(1901).- RECLAMACIÓN DE D^a MARÍA GONZÁLEZ GONZÁLEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 1148/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 5.10.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. María González González presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 10 de xullo de 2006, no que expón que o día 3 de xullo de 2006, o vehículo de súa propiedade, con matrícula 9023-BGD, sufriu danos materiais ó pasar por encima dun sumidoiro roto, ubicado na rúa da Fonte (San Xoan do Monte).

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

Informe do servizo da Policía Local, de data 21/08/2006, no que manifestan non teren constancia dos feitos reclamados.

Informe do servizo de Parque Móbil, de data 05/10/2006, manifestando que os prezos contidos no presuposto de Rodovigo S.L., presentado pola reclamante, por un importe de 406,80 euros IVE incluído son correctos, mais en posicións distintas ás que constan no presuposto presentado.

Informe do servizo de Vías e Obras, de data 23/11/2006, sobre a arqueta que provocou o accidente, indicando non teren constancia de ningún desperfecto ou obra recente.

Evacúase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións en data 10/01/2007.

Evacúase trámite de audiencia á U.T.E. Aqualia-FCC, concesionaria do servizo de saneamento e abastecemento de augas, que formula alegacións en data 11/04/2007.

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Segundo.- Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.

O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.

Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.

Que non sexa produto de forza maior.

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración, tendo en conta a presenza interposta dun concesionario.

Terceiro.- O dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, abastecemento de auga e saneamento, aínda que tal servizo é asumido por un concesionario, polo que é preciso deslindar a imputabilidade dunha e doutro para determinar cal dos dous é o responsábel do dano, e polo tanto está obrigado a indemnizar ó prexudicado.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de subministro de auga e rede de sumidoiros (artigos 25.2.l l e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local e 80.2.l e 81 a da Lei 5/1997, de 22 xullo, de administración local de Galicia). O Pleno do Excmo. Concello de Vigo, en sesión ordinaria celebrada o día 25 de outubro de 1990, outorgou en réxime de concesión administrativa o servizo de xestión integral do abastecemento de auga e saneamento de Vigo á Unión Temporal de Empresas Seragua-FOCSA (agora Aqualia-FCC, S.A), por un prazo de 25 anos, contados a partir do 1 de xaneiro de 1991.

O prego de condicións da concesión administrativa do servizo de abastecemento de augas e saneamento do Concello de Vigo establece na cláusula 26 que corresponde ó concesionario o mantemento e conservación da infraestrutura adscrita ó servizo e a responsabilidade do seu funcionamento, e os artigos 128.1 3ª do Decreto de 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións locais e 121.2 da Lei de 16 de decembro de 1954, de Expropiación Forzosa impoñen ó concesionario a obriga de indemnizar a terceiros os danos que lles ocasione o funcionamento do servizo, salvo que se produzan por actos realizados en cumprimento dunha cláusula imposta pola Corporación con carácter ineludíbel.

Cuarto.- Para que entre en xogo o instituto da responsabilidade patrimonial da Administración é preciso probar a existencia dos danos e a súa vinculación co funcionamento dalgún servizo público. A carga da proba da existencia dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle á reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 Lei 30/1992). Nesta liña, o instrutor dirixiuse á Policía Local, por se tivesen constancia do accidente, a que informa non ter constancia dos feitos reclamados. A empresa Aqualia, concesionaria do servizo en trámite de audiencia alega que a reparación efectuouse o 04/07/2006 tras aviso da Asociación de Veciños do lugar.

En todo caso, a reclamante non probou suficientemente os feitos nos que basea a súa reclamación, isto é, que os danos no seu vehículo obxecto de reparación o foron na data e lugar indicados e que o foron a consecuencia de pasar por enriba do sumidoiro roto, e das actuacións practicadas no expediente tampouco resultan acreditados, polo que a reclamación ten que ser desestimada ó non resultar probado o necesario nexos causal entre os danos padecidos e o funcionamento dun servizo público municipal.

En mérito ó que antecede, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. María González González polos danos ocasionados ó vehículo de súa propiedade, con matrícula 9023-BGD, supostamente o día 3 de xullo de 2006 na rúa da Fonte, por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar convenientemente probado o nexos de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público municipal”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(19021).- RECLAMACIÓN DE D^a ELSA GONZÁLEZ SÁNCHEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 1140/243. ESTIMADA EN PARTE.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 4.10.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. Elsa González Sánchez presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 4 de xullo de 2006, no que expón que o día 31 de maio de 2006, mentres camiñaba pola rúa Pintor Laxeiro, á altura do número 14, sufriu unha caída tras meter o pé dentro da focha dun sumidoiro, producíndose danos de carácter físico.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

Parte do servizo da Policía Local, de data 31/05/2006, no que os axentes actuantes manifiestan que, persoados no Hospital Povisa, a Sra. González relátalles o accidente que tivera; posteriormente, diríxense ó lugar dos feitos, onde comprobaban sumidoiro cunha tapa en mal estado.

Informe do servizo de Vías e Obras, de data 13/10/2006, sobre o desperfecto da tapa de sumidoiro, que se despraza ó ser pisada.

Práctica de proba testifical, en data 24/11/2006, á testemuña proposta pola reclamante, que confirma os extremos alegados pola Sra. González.

Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 6.360,55 euros.

Evacúase trámite de audiencia á U.T.E. Aqualia-FCC, concesionaria do servizo de saneamento e abastecemento de augas, en data 09/08/2007, que non formula alegacións.

Evacúase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións en data 11/09/2007.

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.

O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.

Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.

Que non sexa produto de forza maior.

Segundo.- Resulta constatado no expediente a existencia dun dano avaliado economicamente. No que respecta á existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionada a que a Administración lle indemnice, indicar que ó respecto resulta obrigado partir da regra xeral acollida polo Consello Consultivo de Galicia (entre outros 30/00, 389/02, 160/06 e 294/06), segundo a que é esixíbel ós viandantes o autocontrol da súa propia deambulación, obriga esta que exclúe toda responsabilidade da Administración cando é crebada por introducirse neste caso un elemento estraño á relación xurídica controvertida, cal é o da culpa da vítima, circunstancia que cando reúne o requisito da exclusividade na vinculación co dano padecido, enerva toda responsabilidade da Administración, tal e como establecen de xeito reiterado o Consejo de Estado (entre outros, no ditame do 1 de xullo de 1971) e a propia xurisprudencia do Tribunal Supremo (STS 25/01/1974 ou 05/11/1974). De acordo con esa doutrina, a eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduce na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes co emprego da dilixencia esixíbel como concreción da regra do autocontrol da deambulación, dará lugar á obxectivación dun vínculo que enlaza o funcionamento do servizo público en xogo co lesivo resultado final producido.

Terceiro.- A carga da proba do dano avaliábel economicamente e singularizado e a súa conexión causal co funcionamento dun servizo correspóndelle á reclamante e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992).

De conformidade co anterior, das actuacións do expediente, resultan acreditados os seguintes feitos:

Dna. Elsa González Sánchez caeu o día 31/05/2006 na rúa Pintor Laxeiro ó pisar na tapa dun sumidoiro. Segundo o informe de Vías e Obras que hai no expediente esta anomalía non se podía ver posto que a tapa non se desliza ata que se piso nun dos seus extremos.

A consecuencia da caída a reclamante sufriu lesións das que se emitiu ditame médico que consonte co disposto no artigo 89.5 da Lei 30/1992 serve de motivación a esta resolución e no que se di “El diagnóstico de entrada es de carácter leve y desde el informe de urgencias (31/05/06) no existe, o no se aporta, ningún informe evolutivo. En este caso de mala evolución que justifique los más de 300 días que precisó, ya que la RMN no muestra ningún tipo de lesión. Por ello, considero que con 90 días ya se podría considerar estabilizado su proceso de curación en fase secular, por lo que en mi opinión, lo que proceden son 90 días de incapacidad total con secuelas de Dolor residual en el tobillo”.

Cuarto.- O dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, aínda que tal servizo é asumido por un concesionario, polo que é preciso deslindar a imputabilidade dunha e doutro para determinar cal dos dous é o responsábel do dano, e polo tanto está obrigado a indemnizar ó prexudicado.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de subministración de auga e rede de sumidoiros (artigos 25.2.1 l e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime

local). O Pleno do Excmo. Concello de Vigo, en sesión ordinaria celebrada o día 25 de outubro de 1990, outorgou en réxime de concesión administrativa o servizo de xestión integral do abastecemento de auga e saneamento de Vigo á Unión Temporal de Empresas Seragua-FOCSA (agora Aqualia-FCC, S.A), por un prazo de 25 anos, contados a partir do 1 de xaneiro de 1991.

A responsabilidade da Administración decaerá cando se acredite que a circunstancia xeradora do dano é imputábel a un terceiro, neste caso, á empresa concesionaria. Á vista da documentación obrante no expediente, existen elementos de xuízo suficientes para entender que a responsabilidade polos danos que motivan a reclamación, pode ser imputada á empresa Aqualia, na súa calidade de concesionaria do servizo municipal de augas, xa que o accidente se produciu debido a defectos na tapa de saneamento.

O prego de condicións da concesión administrativa do servizo de abastecemento de augas e saneamento do Concello de Vigo establece na súa cláusula que corresponde ó concesionario o mantemento e conservación da infraestrutura adscrita ó servizo e a responsabilidade do seu funcionamento e na súa cláusula 116.1 que a concesionaria asumirá a responsabilidade que lle corresponda como consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos, quedando obrigada ó resarcimento de todos os danos e perdas que se lle causen a terceiros. Os artigos 128.1 3ª do Decreto de 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións locais e 121.2 da Lei de 16 de decembro de 1954, de Expropiación Forzosa impoñen ó concesionario a obriga de indemnizar a terceiros os danos que lles ocasione o funcionamento do servizo, salvo que se produzan por actos realizados en cumprimento dunha cláusula imposta pola Corporación con carácter ineludíbel, e consonte o artigo 123 da mesma lei “Cando se trate de servizos concedidos, a reclamación dirixirase á Administración que outorgou a concesión, na forma prevista no parágrafo segundo do artigo 122, a cal resolverá tanto sobre a procedencia da indemnización como sobre quen debe pagala, de acordo co parágrafo segundo do artigo 121. Esta resolución deixará aberta a vía contencioso-administrativa, que poderá utilizar o particular ou o concesionario, no seu caso”.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º. Estimar en parte a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dña. Elsa González Sánchez.

2º. Declarar que a responsabilidade patrimonial dos danos corresponde á U.T.E. Aqualia-FCC S.A., empresa concesionaria do servizo municipal de augas, de conformidade co establecido no artigo 26 do prego de condicións da concesión administrativa do servizo de xestión integral do abastecemento de auga e do Concello de Vigo, debendo a dita empresa indemnizar á reclamante na contía de 5.782,32 euros, polos danos e perdas sufridos por mor do accidente”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(1903).- RECLAMACIÓN DE Dª. MARÍA ESPERANZA SIMÓN FERNÁNDEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 1118/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 5.10.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. Eugenia Velasco Pazos presenta reclamación de responsabilidade patrimonial en nome e representación de Dna. María Esperanza Simón Fernández, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 20 de xuño de 2006, no que expón que o día 9 de decembro de 2005, a Sra. Simón circulaba co vehículo de súa propiedade, con matrícula 7713-BKB, por Balada - Valladares, e ó pasar por encima dun sumidoiro a súa tapa saltou, causándolle unha serie de lesións físicas á súa persoa e materiais ó vehículo.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

Dilixencias a prevención por Accidente de circulación, de data 09/12/2005, na que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos (Baixada á Salgueira), recollen as declaracións dos condutores de dous vehículos implicados nun accidente de circulación (entre eles, a Sra. Simón) e que a causa do mesmo fora a existencia de aceite na vía.

Informe do servizo de Vías e Obras, de data 05/12/2006, sobre o estado do lugar onde ocorreu o accidente mencionado pola Policía Local..

Informe do servizo de Parque Móbil, de data 13/12/2006, manifestando que os prezos contidos no informe de Mapfre Mutualidad de Seguros, presentado pola reclamante, por un importe de 2.420,51 euros IVE incluído son correctos.

Práctica de proba testifical, en data 24/01/2007, á testemuña proposta pola reclamante (xerente de Talleres Fontán), que se ractifica na factura presentada pola Sra. Simón.

Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 2.197,94 euros.

Evacúase trámite de audiencia á reclamante, en data 17/04/2007, que non formula alegacións.

Evacúase trámite de audiencia á U.T.E. Aqualia-FCC, concesionaria do servizo de saneamento e abastecemento de augas, que formula alegacións en data 22/06/2007.

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.

O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.

Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.

Que non sexa produto de forza maior.

Segundo.- Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de subministración de auga e rede de sumidoiros (artigos 25.2.1 l e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril , Reguladora das bases do Réxime local). O Pleno do Excmo. Concello de Vigo, en sesión ordinaria celebrada o día 25 de outubro de 1990, outorgou en réxime de concesión administrativa o servizo de xestión integral do abastecemento de auga e saneamento de Vigo á Unión Temporal de Empresas Seragua-FOCSA (agora Aqualia-FCC, S.A), por un prazo de 25 anos, contados a partir do 1 de xaneiro de 1991.

A responsabilidade da Administración decaerá cando se acredite que a circunstancia xeradora do dano é imputábel a un terceiro, neste caso, á empresa concesionaria.

O prego de condicións da concesión administrativa do servizo de abastecemento de augas e saneamento do Concello de Vigo establece na súa cláusula que corresponde ó concesionario o mantemento e conservación da infraestrutura adscrita ó servizo e a responsabilidade do seu funcionamento e na súa cláusula 116.1 que a concesionaria asumirá a responsabilidade que lle corresponda como consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos, quedando obrigada ó rescarcimento de todos os danos e perdas que se lle causen a terceiros. Os artigos 128.1 3ª do Decreto de 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións locais e 121.2 da Lei de 16 de decembro de 1954, de Expropiación Forzosa impoñen ó concesionario a obriga de indemnizar a terceiros os danos que lles ocasione o funcionamento do servizo, salvo que se produzan por actos realizados en cumprimento dunha cláusula imposta pola Corporación con carácter ineludíbel, e consonte o artigo 123 da mesma lei “Cando se trate de servizos concedidos, a reclamación dirixirase á Administración que outorgou a concesión, na forma prevista no parágrafo segundo do artigo 122, a cal resolverá tanto sobre a procedencia da indemnización como sobre quen debe pagala, de acordo co parágrafo segundo do artigo 121. Esta resolución deixará aberta a vía contencioso-administrativa, que poderá utilizar o particular ou o concesionario, no seu caso”.

Terceiro.- Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de subministración de auga e rede de sumidoiros (artigos 25.2.1 l e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril , Reguladora das bases do Réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre as condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

A eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes, dará lugar á existencia da relación de causalidade entre o dano sufrido polo peón e o deficiente funcionamento do servizo público.

Do exame do expediente resulta que:

- 1. Nas dilixencias a prevención por accidente de circulación da Policía local de Vigo de data 09/12/2005 que a reclamante achega para probar os feitos, consta que nese día se ben a reclamante tivo un accidente de circulación, este non o foi a consecuencia dun impacto nunha arqueta de rexistro de augas senón que tal e como lles manifestou ós axentes actuantes circulaba co seu vehículo pola rúa Baixada Salgueira e ó chegar a un estreitamento da calzada frea e se lle despraza o turismo cara o carril contrario, a consecuencia do que consta no parte policial colisionou con outro vehículo. A policía observou no lugar unha substancia esvaradía descoñecendo o seu autor e avisando ó servizo de Limpeza do Concello.*
- 2. Nas dilixencias policiais citadas consta que a reclamante non sufriu lesións a consecuencia do accidente senón que resultou ilesa.*

Por todo o que non se acredita nin o accidente do xeito relatado nin que as lesións polas que se reclama o sexan a consecuencia deste, e en todo o caso que os danos reclamados o foron a consecuencia do funcionamento dun servizo público municipal, neste caso o do abastecemento e saneamento de augas, polo que procede desestimar a reclamación presentada.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. Eugenia Velasco Pazos en nome e representación de Dna. María Esperanza Simón Fernández, polos supostos danos causados durante un accidente de tráfico ocorrido o día 9 de decembro de 2005 en Balada - Valadares”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(1904).- RECLAMACIÓN DE D^a TARSILA GESTEIRO ÁLVAREZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 1135/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 11.10.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. Tarsila Gesteiro Álvarez presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 18 de xullo de 2006, no que expón que o día 16 de xullo de 2006 sufriu un tropezón na rúa Pizarro, á altura do número 58, por mor dunhas lousas da beirarrúa que se atopaban levantadas, producíndose danos de carácter físico.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

Informe do servizo de Vías e Obras, de data 04/09/2006, sobre o lugar onde a Sra. Gesteiro afirma ter ocorrido o accidente, indicando que o desperfecto da beirarrúa se mantiña na data do informe.

Informe do servizo da Policía Local, de data 06/09/2006, manifestando non teren constancia dos feitos reclamados.

Parte do servizo da Policía Local, de data 17/07/2006, no que os axentes actuantes sinalan o mal estado da beirarrúa.

Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 780,70 euros.

Evacúase trámite de audiencia á reclamante en data 14/12/2006, que non formula alegacións.

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de

responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.

O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.

Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.

Que non sexa produto de forza maior.

Segundo.- Resulta constatado no expediente a existencia dun dano avaliado economicamente. No que respecta á existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionada a que a Administración lle indemnice, indicar que ó respecto resulta obrigado partir da regra xeral acollida polo Consello Consultivo de Galicia (entre outros 30/00, 389/02, 160/06 e 294/06), segundo a que é esixíbel ós viandantes o autocontrol da súa propia deambulación, obriga esta que exclúe toda responsabilidade da Administración cando é crebada por introducirse neste caso un elemento estraño á relación xurídica controvertida, cal é o da culpa da vítima, circunstancia que cando reúne o requisito da exclusividade na vinculación co dano padecido, enerva toda responsabilidade da Administración, tal e como establecen de xeito reiterado o Consejo de Estado (entre outros, no ditame do 1 de xullo de 1971) e a propia xurisprudencia do Tribunal Supremo (STS 25/01/1974 ou 05/11/1974). De acordo con esa doutrina, a eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes co emprego da dilixencia esixíbel como concreción da regra do autocontrol da deambulación, dará lugar á obxectivación dun vínculo que enlaza o funcionamento do servizo público en xogo co lesivo resultado final producido.

Terceiro.- A carga da proba do dano avaliábel economicamente e singularizado e a súa conexión causal co funcionamento dun servizo correspóndelle á reclamante e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992).

De conformidade co anterior, das actuacións do expediente, resultan acreditados os seguintes feitos:

- 1. O día 16/07/2006, a reclamante acude ó servizo de Urgencias do Sergas onde se lle diagnostica escordadura do tornecelo dereito.*
- 2. No lugar onde a reclamante manifesta que ocorreu o accidente, de conformidade co servizo de Vías e Obras que hai no expediente os defectos que ocupan 1 m² son visíbeis a tres metros de distancia.*
- 3. Non hai testemuñas dos feitos e tampouco parte de intervención sobre presenza policial no accidente polo que se reclama.*

De todo o anterior, resulta que non hai ningunha proba, salvo as propias manifestacións da interesada, de que o accidente ocorreu no lugar e nas circunstancias que ela indica, por canto non houbo testemuñas directas dos ditos feitos e en informe médico refírese a unha caída segundo refire a paciente, polo que, como ten dito o Consello Consultivo de Galicia en suposto similar (ditame nº 461/2006), a súa postura non pasa de ser unha mera tese argumental, desprovista dunha mínima eficacia probatoria que, obxectivando as súas alegacións,

xustifique verosimilmente aquela aproximación indiciaria ós feitos, polo que a ausencia de proba suficiente aboca á inviabilidade da pretensión practicada.

Cuarto.- Consonte co anterior, procede non estimar a pretensión de recoñecemento de responsabilidade desta Administración, coa subseguinte indemnización, por non resultar acreditada a relación causa-efecto entre o evento danoso e o funcionamento dun servizo público, o que leva a cualificar o suceso como un accidente común e polo tanto non indemnizábel pola Administración.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. Tarsila Gesteiro Álvarez por unha caída ocorrida o día 16 de xullo de 2006 na rúa Pizarro, por non resultar convenientemente probado o nexos de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público do Concello”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(1905).- RECLAMACIÓN DE D^a. FRANCISCA ENCINAS CHILLÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 1156/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 11.10.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. Francisca Encinas Chillón presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 17 de xullo de 2006, no que expón que sufriu unha caída na avenida de Castelao, á altura do número 54, ó tropezar nun sumidoiro cando trataba de esquivar unha bicicleta que viña a gran velocidade.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

Informe do servizo de Vías e Obras, de data 25/09/2006, sobre o lugar onde a Sra. Encinas afirma ter ocorrido o accidente, indicando que o desperfecto da beirarrúa se mantiña na data do informe.

Informe do servizo de Montes, Parques e Xardíns, de data 26/09/2006, no que indican que dos posíbeis danos debe responder a empresa Cespa, concesionaria do servizo de conservación e reposición de zonas verdes.

Informe do servizo da Policía Local, de data 28/09/2006, manifestando non teren constancia dos feitos reclamados.

Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 1.335,87 euros.

Evacúase trámite de audiencia á concesionaria Cespa, que formula alegacións en data 19/12/2006.

Evacúase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións en data 15/01/2007.

Fundamentos de dereito

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.

O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.

Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.

Que non sexa produto de forza maior.

Segundo.- A reclamante neste sentido presenta asistencia médica no servizo de Urgencias o día 09/06/2006 por lesións no pé dereito, que consonte co ditame médico solicitado ó efecto valóranse en 1.214,43 euros. Non procedería aplicar factor de corrección ningún por ingresos laborais por canto non se acredita que a reclamante traballe.

Terceiro.- A Xunta de Goberno local acordou adxudicar a Cespa S.A., na súa sesión de 29 de marzo de 2005, o concurso convocado para a contratación de mantemento e conservación de zonas verdes do Concello de Vigo segundo os pregos de cláusulas administrativas e condicións técnicas que rexeron o expediente de contratación, formalizándose o contrato o 6 de xuño de 2005 en documento onde Cespa S.A. compromete á prestación do servizo con estrita suxeición ós pregos de condicións aprobados.

O prego de bases técnicas do contrato na súa cláusula 4.2.2 establece que o adxudicatario queda obrigado á reparación ou substitución e mantemento de todos os elementos incluídos no perímetro da zona verde adxudicada e non considerados como vexetais, que por calquera circunstancia ben sexa polo seu propio uso dos mesmos ou como consecuencia de actos vandálicos sufran un grao de deterioro que fagan aconsellábel a súa reposición, considéranse a estes efectos como elementos non vexetais entre outros as varandas, baldosas, valados, etc... No Anexo I do prego de bases técnicas inclúense as zonas de conservación e reposición entre as que figura a Praza da Estación do Ferrocarril onde acaece o suceso. Hai informe no expediente do Servizo de Montes, Parques e Xardíns de datas 14/12/2005 e 20/02/2006 no que se atribúe o mantemento dos xardíns a Cespa S.A. polos danos, perdas e accións a terceiros, ocasionados polo seu persoal, a súa maquinaria ou a consecuencia da boa, mala ou nula realización dos traballos.

Por outra banda o artigo 97 do Real Decreto lexislativo 2/2000, de 16 de xuño, do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, establece como obriga do contratista a de indemnizar os danos e perdas que lle causen a terceiros as operacións de execución do contrato, salvo naqueles supostos do número 2 do mesmo artigo, correspondéndolle a Administración competente resolver tanto sobre a procedencia da indemnización como quen a debe pagar (artigos 123 da Lei de 16 de decembro de 1954, Lei de Expropiación Forzosa).

Cuarto.- No que respecta á existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionada a que a Administración lle indemnice, indicar que ó respecto resulta obrigado partir da regra xeral acollida polo Consello Consultivo de Galicia (entre outros 30/00, 389/02, 160/06 e 294/06), segundo a que é esixíbel ós viandantes o autocontrol da súa propia deambulacón,

obriga esta que exclúe toda responsabilidade da Administración cando é crebada por introducirse neste caso un elemento extraño á relación xurídica controvertida, cal é o da culpa da vítima, circunstancia que cando reúne o requisito da exclusividade na vinculación co dano padecido, enerva toda responsabilidade da Administración, tal e como establecen de xeito reiterado o Consejo de Estado (entre outros, no ditame do 1 de xullo de 1971) e a propia xurisprudencia do Tribunal Supremo (STS 25/01/1974 ou 05/11/1974). De acordo con esa doutrina, a eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes co emprego da dilixencia esixíbel como concreción da regra do autocontrol da deambulacón, dará lugar á obxectivación dun vínculo que enlaza o funcionamento do servizo público en xogo co lesivo resultado final producido.

Por outra banda, tanto o Consello Consultivo de Galicia como a xurisprudencia do Tribunal Supremo acollen o principio de que a carga da proba dos danos e a súa relación causal co funcionamento dun servizo público correspóndenlle á parte actora (entre outras, sentenzas do 04/11/1997 e 30/11/1999).

Á vista das actuacións practicadas no expediente, e consonte coa doutrina do Consello Consultivo de Galicia en supostos similares (entre outros ditame 2/2005) resulta que a reclamante non ofrece máis proba dos feitos, isto é a caída no lugar indicado, e que foi a consecuencia do funcionamento dun servizo público que as súas propias manifestacións, o que non pasa de ser unha mera tese argumental desprovista dunha mínima eficacia probatoria, polo que a ausencia de proba aboca á inviabilidade da pretensión exercitada.

En todo caso, de seren certos os feitos, o lugar non está claramente habilitado para pasear, e a intervención nos feitos dun terceiro paseante en bicicleta que ía a gran velocidade como causa deles fai que en todo caso esta Administración resulte exonerada deles segundo doutrina xurisprudencial consolidada (Sentenzas do Tribunal Supremo 29/03/1999, 16/11/1998) que aprecia a dita exoneración cando é a conduta dun terceiro a determinante do dano producido.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. Francisca Encinas Chillón, por mor dos danos físicos sufridos a consecuencia dunha caída na avenida de Castelao”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(1906).- RECLAMACIÓN DE D^a. CARMEN COMESAÑA COMESAÑA DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 1149/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 11.10.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. Carmen Comesaña Comesaña presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 11 de xullo de 2006 no que expón que sufriu unha serie de lesións debidas ó mal estado dun colector de lixo que se lle caeu encima.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

Informes do servizo de Limpeza, de datas 08/08 de 28/09/2006, nos que indican non teren constancia de avarías nos colectores existentes na zona indicada pola reclamante; igualmente que estes colectores contan cunha goma de protección que impide o tipo das lesións reclamadas.

Informe do servizo da Policía Local, de data 18/10/2006, no que manifestan non teren constancia dos feitos reclamados.

Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 1.438 euros.

Evacúase trámite de audiencia á U.T.E. Contenur-Otto, concesionaria do servizo de mantemento de colectores de lixo, que formula alegacións en data 14/03/2007.

Evacúase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións en data 20/04/2007.

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común :

A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.

O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.

Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.

Que non sexa produto de forza maior.

Segundo.- O dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, a recollida de lixo, aínda que os elementos para a prestación deste servizo son subministrados por un concesionario, polo que é preciso deslindar a imputabilidade dunha e doutro para determinar cal dos dous é o responsábel do dano e polo tanto está obrigado a indemnizar o prexudicado.

En efecto, entre os servizos públicos que o ordenamento xurídico encomenda á Administración local figura o de recollida de lixo (artigos 25.2.1 e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local) para a prestación do cal é necesaria a utilización de determinados medios materiais, como colectores situados na vía pública para o depósito de residuos sólidos, colectores subministrados por un concesionario encargado do seu mantemento. Ó Concello, como titular destes bens, correspóndelle o deber de vixilancia e mantemento dos mesmos, para que non poñan en risco a seguridade dos vehículos e persoas que utilizan a vía pública na que están situados, e este deber obriga á Administración a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que alteren as condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

Este servizo é asumido por un concesionario por canto o Pleno do Concello de Vigo na súa sesión de 29/07/2002 acordou adjudicarlle á Unión Temporal de Empresas formada por Contenur España S.L. e Otto Industrial y Medio Ambiente S.A. a concesión do servizo público para instalación, reposición e mantemento dos colectores e papeleiras no Concello de Vigo.

Os artigos 128.1.3º do Decreto de 17/06/1955, Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, e 121.2 da Lei 16/12/1954, Lei de Expropiación Forzosa, imponen ó concesionario dun servizo público a obriga de indemnizar a terceiros os danos que lles cause o funcionamento do dito servizo, salvo que se produzan por actos

realizados en cumprimento dunha cláusula imposta pola corporación con carácter ineludíbel No mesmo senso pronuncíase o artigo 97 do Real Decreto legislativo 2/2000, de 16 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións públicas. O procedemento para reclamar danos nestes supostos regúlase nos artigos 121 e 55 da Lei de 16/12/1954 citada, establecendo que a reclamación dirixirase á Administración que outorgou a concesión, quen resolverá tanto sobre a procedencia da reclamación sobre quen a debe aboar, resolución que deixará aberta a vía contencioso-administrativa.

Resulta preciso destacar a este respecto que o prego de cláusulas administrativas particulares reguladoras do contrato coa concesionaria establece na súa cláusula x-f) a obriga do concesionario de respostar de que, en todo momento, estean instalados e en perfectas condicións de uso os colectores e papeleiras, e na súa cláusula II.2.c) como prestación ou de mantemento e reposición delas. Consecuentemente co anterior, na cláusula X.I.c) que o contratista estará obrigado a indemnizar os danos causados a terceiros como consecuencia das operacións que requira o desenvolvemento do servizo, agás cando o dano sexa producido por causas imputábeis ó Concello.

Terceiro.- A carga da proba da existencia tanto dun dano avaliábel economicamente así como da súa conexión co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle ó reclamante, e a dos feitos impositivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto legislativo 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). E así, á vista das probas propostas, das actuacións seguidas no expediente, resulta que:

No expediente hai informe do servizo de Limpeza de 28/09/2006 conforme se comproba que non hai constancia de ningún tipo de avaría no colector denunciado nas datas anteriores e posteriores ó día do accidente. Sinálase ademais que estes colectores teñen unha goma de protección que impide este tipo de lesións.

A reclamante non presenta ningunha testemuña dos feitos e a Policía Local tampouco ten constancia deles. A este respecto anda proba a documentación médica que achega, que fala dun traumatismo segundo refire a reclamante o día do accidente, pero que non acredita que estas lesións o fosen a consecuencia de defectos nun colector no día, lugar e xeito indicados.

Cuarto.- Polo exposto, e á vista de que a reclamante non ofrece máis proba dos feitos que as súas propias manifestacións, e a súa postura non pasa de ser unha mera tese argumental desprovista dunha mínima eficacia probatoria (ditame 461/2006 do Consello Consultivo de Galicia entre outros), procede desestimar a reclamación por non resultar acreditada a relación causa-efecto entre o evento danoso e o funcionamento dun servizo público municipal.

Polo exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. Carmen Comesaña Comesaña o día 11 de xullo de 2006”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(1907).- CONTRATACIÓN DUN MÉDICO-PSIQUIATRA PARA CEDRO POLO PERÍODO DUN ANO. EXPTE. 17741/220

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 22.10.07, e de acordo co informe-proposta da técnica de Organización e Xestión de Recursos Humanos, do 17.10.07, conformado pola xefa do Servizo de Persoal, a Xunta de Goberno local acorda:

I.- CONTRATACIÓN DUN MEDICO ESPECIALISTA EN PSIQUIATRIA, para reforzo da plantilla de UAD, Cedro, en execución dos convenios de cooperación entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde (SERGAS) e ó Concello de Vigo, para para o reforzo da atención sociosanitaria a drogodependentes da zona fronteiriza da Comunidade Galicia-Norte de Portugal, dacordo coas bases de selección que siguen:

II.- BASES DE SELECCIÓN:

BASES PARA A CONTRATACIÓN DE UN MÉDICO
PARA A UNIDADE ASISTENCIAL DE DROGODEPENDENCIAS
DO CONCELLO DE VIGO (CEDRO)

CARACTERÍSTICAS XERAIS DA CONTRATACIÓN

Obxecto do contrato: Reforzo da plantilla de CEDRO cun médico especialista en psiquiatría, segundo os convenio de cooperación entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde (SERGAS) e o Concello de Vigo para o reforzo da atención sociosanitaria a drogodependentes da zona fronteiriza da Comunidade Galicia-Norte de Portugal e protocolo de compromisos que asumen para ó ano 2007 a Subdirección Xeral de Saúde Mental e o Concello.

Tipo de contrato: Por obra ou servizo determinado, a xornada completa, regulado no art. 15 do Estatuto dos Traballadores e RD 2720/1998, de 18 de decembro, artículo 2, “Obra ou Servizo Determinado”, regulada no art. 15 do Estatuto dos Traballadores, e RD 2720/1998, de 18 de decembro, artículo 2, sendo este contrato ó que se concerta para a realización de unha obra ou prestación do servizo determinados, con autonomía e sustantividade propia dentro da actividade da empresa e a execución do mesmo, aunque limitada no tempo é en principio de duración incierta.

Duración: 12 meses, prorrogabels ata o remate da obra o servizo e, en todo caso, mentras persista a vixencia do/s protocolo/s citados e sen prexuício do disposto no artigo 15.5 do Real Decreto-Legislativo 1/1995, do 24 de marzo, do Estatuto dos Traballadores, en nova redacción dada polo Real Decreto –Lei 5/2006, de 9 de xuño, para a mellora do crecemento e do emprego, (BOE nº 141, do mércores 14 de xuño do 2006), en canto a prohibición legal do encadenamento de contratos laborais temporais.

Retribucións: As retribucións serán as establecidas nos convenios subscritos.

Importe retribucións brutas mensuales: 2.500.- €/mes, según convenio, mais duas pagas extras.

Publicidade: Inserción de anuncio na prensa de ámbito galego e norte de Portugal

CONDICIÓN XERAIS DOS E DAS ASPIRANTES.

Para seren admitidos/as á realización das probas selectivas, os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos.

a) *Ser español/a.*

Os nacionais dos demais Estados membros da Unión Europea poderán acceder en idénticas condicións que as dos españoles a aqueles sectores da función pública ós que, segundo o dereito comunitario, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

4. *Ter cumpridos 16 anos de idade, segundo o Estatuto Básico do Empregado público, Ley 7/2007, de 12 de abril.*

c) *Estar en posesión da titulación que se fixe nas bases específicas ou estar en condicións de obtela, na data que remate o prazo de presentación de instancias.*

No caso de equivalencia ou homologación deberá xustificarse con certificado expedido polo organismo competente para establecelas.

d) *Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desenvolvemento das funcións do cargo, sen prexuízo de que sexan admitidas as persoas con discapacidade en igualdade de condicións cos demais aspirantes, segundo o disposto na Disposición Adicional 19ª da Lei 30/84, na redacción dada pola Lei 53/03, de 10 de decembro.*

As convocatorias non establecerán exclusións por limitacións físicas ou psíquicas agás que veñan establecidas por lei ou que sexan incompatibles co desenvolvemento das tarefas ou funcións correspondentes.

e) *Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo do Estado, Comunidade Autónoma ou Administración local, nin atoparse inhabilitado/a para o exercicio das funcións.*

f) *Non atoparse incurso/a en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.*

g) *Calquera outro requisito que se fixe nas bases específicas desta convocatoria.*

CARACTERÍSTICAS ESPECÍFICAS DA CONTRATACIÓN

1) DURACIÓN DA CONTRATACIÓN

- 12 meses, prorrogable ata o remate da obra o servizo e, en todo caso, mentras persista a vixencia dos protocolos citados e sempre que non implique a superación do límite legal establecido polo RD Lei 5/2006, do 9 de xuño, para a mellora do crecemento e do emprego, vixente dende o 1 de xullo do 2006.

2) POSTO DE TRABAJO

Médico especialista en psiquiatría para a Unidade Asistencial de Drogodependencias

3) FUNCIONES E PERFIL

3.1) FUNCIONES

Exercicio das súas funcións profesionais na Unidade Asistencial de Drogodependencias do Concello de Vigo

3.2) PERFIL

Imprescindible:

Título de especialista en Psiquiatría o, no seu defecto, formación acreditada en saúde mental de, polo menos, 1 ano.

Valorarásese:

*Formación específica en materia de drogodependencias
Experiencia clínica en unidades asistenciais de drogodependentes
Experiencia clínica noutros dispositivos asistenciais de drogodependentes
Experiencia clínica en dispositivos asistenciais de saúde mental
Coñecemento do Galego
Coñecemento do Portugués*

4) PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN

4.1) CONCURSO DE MÉRITOS

Os/as candidatos/a interesados/ presentarán o seu Currículo acreditado segundo o punto 7ª destas bases.

Para acreditar a experiencia laboral (e a formación impartida) presentárase orixinal da vida laboral, ademais de fotocopias dos contratos de traballo/certificados de empresa. Se no contrato de traballo/certificado de empresa non se especifican claramente as funcións realizadas, achegarase unha certificación de funcións.

Para acreditar a formación recibida presentárase fotocopia do diploma do centro/entidade de impartición, con número de horas. Os cursos que non especifiquen o número de horas non serán valorados.

Baremaranse, unicamente, os currículos dos/as candidatos/as que reúnan o perfil considerado imprescindible. No caso de non presentarse á convocatoria un número suficiente de candidaturas apropiadas, a Comisión de Selección valorará, para cada caso, a posibilidade de reducir as características requiridas como imprescindibles.

Non se reclamará nin recollerá ningunha acreditación non presentada no prazo estipulado.

A puntuación máxima de este apartado será de 8 puntos.

A Comisión de Selección decidirá, cal é a mínima puntuación esixida no proceso de baremación do concurso de méritos para acceder ó exercicio práctico.

A partir da data de publicación dos resultados da baremación na páxina web (<http://www.vigo.org>) haberá tres días para solicitar aclaracións, mediante cita previa.

4.2) EXERCICIO PRÁCTICO

Consistirá en contestar por escrito, nun tempo máximo de 2 horas a dous casos prácticos propostos pola Comisión de Selección.

Valoraranse a capacidade de análise, a claridade nas propostas de manexo, e o coñecemento dos procedementos asistenciais habituais.

Ó remate do exercicio, procederase á lectura pública do mesmo. Concluída a lectura, a Comisión de Selección poderá pedirlle ó aspirante calquera explicación complementaria que considere oportuna.

A Punt. máxima deste apartado será de 10 puntos.

4.3) ENTREVISTA ANTE A COMISIÓN DE SELECCIÓN

A Comisión de Selección decidirá, cal é a mínima puntuación esixida no proceso de para acceder á entrevista.

A puntuación máxima da entrevista será de 3 puntos, que se sumarán á puntuación obtida no concurso de méritos e no exercicio práctico.

5) CRITERIOS DE BAREMACIÓN

5.1) CONCURSO DE MÉRITOS (máximo 8 puntos)

5.1.1) Titulación (máximo, 1 punto):

Especialista en Psiquiatría: 1 punto

Licenciado en Medicina con formación acreditada en saúde mental: 0,1 puntos por ano (máximo 0,5 puntos)

5.1.2) Experiencia laboral (máximo, 5 puntos):

En dispositivos asistenciais específicos de drogodependencias : 0,05 puntos por mes (ata un máximo de 4 puntos).

En dispositivos asistenciais de saúde mental, non específicos de drogodependencias: 0,05 por mes (ata 2 puntos)

En dispositivos asistenciais de saúde xeral: 0,02 por mes (ata 1 punto)

5.1.3) *Formación complementaria (máximo, 1,5 puntos):*

Valorarase a formación complementaria (recibida ou impartida), directamente relacionada coas drogodependencias:

<i>Horas lectivas</i>	<i>Puntuación</i>
<i>De 20 a 49</i>	<i>0.1</i>
<i>De 50 a 99</i>	<i>0.2</i>
<i>De 100 a 199</i>	<i>0.3</i>
<i>De 200 a 299</i>	<i>0.4</i>
<i>300 ou máis</i>	<i>0.5</i>

5.1.4) *Outros méritos (máximo, 1 punto):*

Título de doctor: 0,5 puntos

Outras titulacións oficiais (Magíster universitario): 0,5 puntos por cada titulación

Publicacions relacionadas coas drogodependencias: 0,1 puntos por publicación (ata 0,5 puntos)

Formación complementaria menor de 20 horas lectivas (ou que non especifique as horas): 0,05 puntos (ata 0,5 puntos)

5.1.5) *Galego (máximo, 0,5 puntos):*

Curso de Iniciación: 0,25 puntos

Perfeccionamento: 0,25 puntos.

Linguaxe administrativa galega: 0,25 puntos por cada curso

Outros cursos: 0,25 puntos por cada curso

Validación de cursos de iniciación e perfeccionamento: 0,10 puntos.

5.2) *EXERCICIO PRÁCTICO (máximo, 10 puntos)*

A calificación de cada un dos casos plantexados no exercicio será de 0 a 10 puntos, quedando eliminado o aspirante que non obteña cando menos 5 puntos en cada exercicio. A puntuación total será a media aritmética das puntuación parciais.

5.3) *ENTREVISTA (máximo, 3 puntos)*

A Comisión de Selección determinará cal é a mínima puntuación esixida no proceso de baremación previo para acceder a esta fase.

A puntuación máxima da entrevista será de 3 puntos, que se sumarán á puntuación obtida nas fases de concurso de méritos y oposición

6) A COMISIÓN DE SELECCIÓN

A Comisión de Selección estará composta polos seguintes membros:

- . Manuel Xosé Lorenzo Penela/Titular do órgano de apoio da Xunta de Goberno Local.*
- . Don Francisco Abel Otero Lamas/Director de CEDRO.*
- . Dona Maria Dapena Gómez/Xefa da Unidade de Persoal.*
- . Un/unha técnico/a, nomeado pola Xunta de Galicia.*
- . Un/unha técnico/a, nomeado polo Goberno Portugués.*
- . Consuelo Fernandez Gallego/Tca. de Org. e X. de Recursos Humanos, que actuará coma secretaria da comisión.*

7) PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

7.1) PRAZO

7 días naturais, contados a partir do seguinte á data de publicación do anuncio.

7.2) LUGAR DE PRESENTACIÓN

Rexistro Xeral do Concello de Vigo. Praza do Rei s/n. (Vigo). Dirixido ó Sr. Alcalde.....

7.3) DOCUMENTACIÓN A ENTREGAR

*Solicitud de participar no proceso de selección
Currículo Vitae
Orixinal da vida laboral
Fotocopia das acreditacións e do DNI.*

Aos/ás candidatos/as con maior puntuación no proceso de baremación, antes de pasar á entrevista, reclamaráselles a presentación de fotocopias compulsadas (ou cotexadas pola propia concellaría) do resto das acreditacións. (A non presentación desta documentación, será causa de exclusión do proceso selectivo).

8) NOTIFICACIÓN

En todo caso, as comunicacións cos/as aspirantes realizarase, mediante inserción de anuncios no taboleiro de edictos do Concello e na súa páxina web (<http://www.vigo.org>).

(Máis información na páxina web <http://www.vigo.org> ou no servizo de Información e departamento de Persoal da Casa do Concello-, teléfonos 986 81 01 64, ext. 1196 onde tamén poderán recollerse as bases do proceso de selección.

III.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO:

Que pola Alcaldía-Presidencia se proceda á formalización do correspondente contrato co/a candidato/a propostos pola citada Comisión de selección, sendo éste/a contratado/a baixo a modalidade contractual –contrato por obra ou servicio determinado (art. 15 ET e art. 1 e 3 do RD 2720/1998, de 18 (1) de decembro.”, por un periodo de 12 meses , prorrogables en tanto persistan ós protocolos mencionados e sempre en tanto non implique superación do límite legal establecido polo Real-Decreto-Lei 5/2006, do 9 de xuño, para a mellora do crecemento e do emprego (BOE nº 141, do mércores 14 de xuño de 2006, vixente a tales efectos dende o pasado 1 de xullo de 2006.

IV.- O referido aspirante prestará os servicios propios da súa categoría profesional na Unidade Asistencial de Drogodependientes, Cedro, percibindo as retribucións, e parte proporcional da paga extraordinaria según ó importe das subvencións estipuladas nos convenios subscritos, con un salario bruto mensual estimado de 2.500.- Euros.

14(1908).- PROPOSTA DE NOMEANTO DE FUNCIONARIOS EN PRÁCTICAS-PAZAS DE BOMBEIRO DO SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS. EXPTE. 17749/220.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico de Organización, do 17.10.07, conformado pola xefa da Unidade de Persoal, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Nomear funcionarios en prácticas, con cargo a 4 prazas vacantes de Bombeiro do Servizo de Extinción de Incendios, ós seguintes aspirantes propostos polo tribunal cualificador e que superaron todas as fases do proceso selectivo da referida oposición e que son os que deseguido se indican:

- 1º.- D. PABLO SENRA LÓPEZ, D.N.I 36.161.624-N, que obtivo un total de 28,125 puntos.
- 2º.- D. DAVID MOSQUERA ESTÉVEZ, D.N.I. 53.178.813-F, que obtivo un total de 26,725 puntos.
- 3º.- D. DAVID CABALEIRO RODRÍGUEZ, D.N.I 36.126.561-R, que obtivo un total de 26,475 puntos.
- 4º.- D. DAVID ÁLVAREZ SALGUEIRO, D.N.I. 36.149.653-R, que obtivo un total de 26,250 puntos.

Segundo.- En tanto realizan o curso teórico-práctico, percibirán como retribucións o importe do soldo inicial.

Terceiro.- Os aspirantes nomeados deberán tomar posesión da súa praza como funcionarios en prácticas no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da recepción do presente acordo, quedando supeditada a súa toma de posesión como funcionarios de carreira a que superen o curso teórico-práctico contemplado nas bases específicas da convocatoria.

15(1909).- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE SERVIZO DE VIXILANCIA E SEGURIDADE NO EDIFICIO DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO. EXPTE. 2363/407.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación da Xerencia Municipal de Urbanismo, realizada o 3.10.07, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar o contrato de servizo de vixilancia e seguridade no edificio da Xerencia Municipal de Urbanismo á empresa “ Compañía de Protección y Vixilancia Galaica S.A.”, cun prazo de execución de dous anos e un prezo anual de 44.886 euros.

16(1910).- PROXECTO URBANIZACIÓN UE INDUSTRIAL II-03 SAN ANDRÉS DE COMESAÑA. APROBACIÓN DEFINITIVA. EXPTE. 4554/401.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral, do 9.10.07, conformado polo director da Oficina de Planeamento e Xestión, que di o seguinte:

O vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana do 29/04/1993 (PXOU-93) delimitou a unidade de execución Industrial "II-03 San Andrés de Comesaña" de iniciativa particular, cunha clasificación de solo urbano, a desenvolver polo sistema de compensación.

Por acordo da Xunta de goberno local de 26.12.05 se deu aprobación o proxecto de compensación da “UE II-03 San Andrés de Comesaña”.

En data 22.10.04 a Xunta de compenación da “UE II-03 San Andrés de Comesaña” comunica a aprobación do proxecto de urbanización, presentando o mesmo para a súa aprobación por parte da Xerencia municipal de urbanismo.

O Xefe de patrimonio histórico informou o 23.03.05 o seguinte: “(...) O hórreo que e pretende trasladar non está recollido no Inventario do patrimonio etnográfico inmovible das parroquias de Vigo, <posiblemente non foi localizado polos autores dese inventario no seu día>. Correspóndese cunha tipoloxía de hórreo mixto de granito e madeira, habitual nesta zona viguesa. Ten un regular estado de conservación e actualmente non ten uso. A súa dotación resúltanos complexa ó non estar recollido no Inventario citado, aínda que é probable, á vista da edificación á que está posiblemente asociado, que non acade os cen anos de antigüidade . Se ben o hórreo en sentido estricto carecería en principio de protección que para hórreos de maior antigüidade prevé a Lei de Patrimonio Cultural de Galicia, en aras da conservación de parte da memoria do pasado agrario desta zona da cidade recoméndase a súa conservación in situ – se esto fose posible- ou o seu traslado a unha zona pública das que se prevexan na propia Unidade de Execución. Desta maneira evítanse a descontextualización que produciría o seu traslado a outro lugar. Coa finalidade de garantir a conservación do hórreo, previo á realización do traslado os promotores presentarán no Servizo de Patrimonio Histórico deste Concello, proposta de nova ubicación e o proxecto de urbanización e o proxecto correspondente de montaxe e reconstrucción asinado por técnico competente. Este servizo tramitará as autorizacións que no seu caso fosen pertinentes (...)”.

Logo dos oportunos requerimentos de subsanación de documentación, a Xunta de compensación da “UE II-03” presenta documentación correxida do proxecto de urbanización.

Consta no expediente informe do enxeñeiro técnico de obras públicas da oficina de planeamento de 24.01.07.

A Xunta de goberno local de 19.02.07 adoptou o seguinte acordo: “(...) 1.- Aprobar inicialmente o proxecto de urbanización da “Unidade de actuación II-03 San Andrés de Comesaña”, elaborado polos enxeñeiro de camiños, canles e portos don Albarto Moreno García (visado 9.06.04 e 10.05.06). 2.- De acordo co previsto no punto 4º do artigo 110 da Lei 9/02, de 30 de decembro e o artigo 4º do D. 2107/68, de 16 de agosto, abrir un trámite de información pública polo prazo de vinte días hábiles, mediante publicación de anuncios no BOP e nun diario dos de maior circulación na Provincia. Notifíquese o contido íntegro deste acordo ós propietarios do terreo xunto cunha copia dos informes técnicos obrantes no expediente. Notifíquese tamén ás entidades concesionarias de servizos públicos e infraestructuras de telecomunicacións (...)”.

O mencionado acordo foi publicado no Faro de Vigo o 23.03.07 e no BOP o 28.03.07. Así mesmo foi notificado ós interesados.

O 19.04.07 “Aqualia gestión integral del agua, S.A. y Fomento de construcciones y contratas, S.A. UTE” presentou un escrito no que se poñen de manifesto diversas cuestións do proxecto de urbanización.

En data 10.05.07 o Presidente do Consello rector da Xunta de Compensación da unidade industrial “II 03 San Andrés de Comesaña” presentou escrito no que se poñe de manifesto a titularidade privada do hórreo e a previsión dunha indemnización ó seu titular para o seu traslado.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

1. *Procedemento de aprobación do proxecto de urbanización.- A Lei 9/02, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, no apartado 4º do artigo 110, describe o procedemento de aprobación dun proxecto de urbanización. Aprobado inicialmente pola Xunta de Goberno Local o 19.02.07 (127.1.e da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local), someteuse a información pública polo prazo mínimo de vinte días. Durante o trámite de audiencia ós interesados e de información pública, non se presentou máis escrito que o relacionado nos antecedentes por parte do Presidente do Consello rectora da Xunta de Compensación.*
2. *Sistema de actuación elixido para a execución do polígono- Según consta nos antecedentes, o sistema de execución elixido é o de compensación. Os propietarios asumen a obriga de custear e executar a urbanización. De acordo co establecido no artigo 110.6 da Lei 9/02 e o plan xeral vixente, os propietarios deberán asumir a obriga de conservación da urbanización. Por outra parte, tendo en conta o establecido no artigo 133 do mesmo texto legal, a contratación das obras de urbanización realizarase sempre de acordo cos principios de publicidade e concurrencia.*
3. *Contido do proxecto de urbanización.- Según o artigo 110 da Lei 9/02 os proxectos de urbanización son proxectos de obras que teñen por finalidade executar os servizos e dotacións establecidas no planeamento (...) non poderán modificar as previsións do planeamento que desenvolven, sen prexuízo de que poidan efectuar as adaptacións esixidas pola execución material das obras. Según os informes contidos no expediente, o proxecto de urbanización axústase a normativa actualmente en vigor. Por outra parte, tendo en conta os informes técnicos, dedúcese que cumpre o disposto na Lei 8/97, de 20 de agosto e o Decreto 35/2000, de accesibilidade. Con respecto ó hórreo, no punto terceiro do acordo da Xunta de goberno local de 26.12.05, se estableceu o seguinte: “(...) Con carácter previo ó traslado do hórreo existente na parcela inicial núm. 16 presentarase na oficina municipal de Patrimonio Histórico unha proposta de relocalización, así como o proxecto de desmontaxe e reconstrucción (...)”. No proxecto de compensación se prevé unha indemnización o seu propietario, persoa que ten a obriga de traslado do mesmo. Así mesmo, tense que ter en conta que no informe do Xefe da oficina de patrimonio histórico de data 23.03.05 se facía mención que é probable que non supere os cen anos, polo tanto non entra dentro da protección prevista no Decreto 449/73, de 22 de febreiro, pola que se colocan baixo a protección do Estado os hórreos e cabazos antigos existentes en Asturias e Galicia. Non obstante, sería convinte que se tutelara o traslado do hórreo por parte dos diversos organismos e unidades administrativas que tutelan o patrimonio cultural e histórico. Por todo elo, darase conta do acordo que se adopte a todas as Administracións implicadas. Noutra orde de cosas, os promotores da urbanización deberán ter en conta a alegación presentada por Aqualia o 19.04.07.*

4. *Constitución das garantías precisas- O contido do artigo 3.8.11.i do PXOU-93 no que respecta á garantía das obras de urbanización, está afectado polo artigo 72 da Lei 9/02. Esta norma esixe a constitución dunha garantía por importe do 20% do custo estimado para a implantación dos servizos e a execución das obras de urbanización e de conexión cos sistemas xerais existentes. O texto da normativa urbanística actualmente en vigor, esixe a constitución dunha garantía do 100% no caso de que esteamos en presenza de solo urbano. A mesma ven prevista para o suposto de licencias condicionadas a completar a urbanización, pero non se realiza ningunha mención á execución de polígonos, cuxas obras de urbanización son de maior entidade que o previsto para o solo urbano consolidado. Por todo elo, en aplicación do principio *lex posterior derogat lex anterior* e de xerarquía normativa, se entende que é de aplicación o previsto no artigo 74 da Lei 9/02. Polo tanto, deberase constituir garantía por importe do 20% do custo estimado para a implantación dos servizos e a execución das obras de urbanización (execución por contrata) no prazo de 3 meses dende a aprobación definitiva do proxecto de urbanización. As mesmas, hanse cancelar unha vez recibida a urbanización e transcurrido o preceptivo prazo de garantía. Naquel caso que se pretenda a edificación simultánea, deberase constituir unha garantía pola totalidade do presuposto de execución por contrata que figura no proxecto de urbanización.*

5. *Órgano competente para a adopción do acordo de incoación e resolución do expediente.- Dada a redacción do artigo 127.1.k da Lei 7/85, a competencia para a aprobación do presente acordo corresponde á Xunta de Goberno Local.*

Polo tanto, PROPÓÑESE A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

Aprobar definitivamente o proxecto de urbanización da “Unidade de actuación II 03 San Andrés de Comesaña”, elaborado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos don Alberto Moreno García (visado 9.06.04 e 10.05.06).

Para que o presente acordo sexa efectivo, no prazo de 3 meses dende a aprobación definitiva do proxecto de urbanización, deberase depositar garantía por importe do 20% do orzamento (execución por contrata, artigo 74.b da Lei 9/02) do proxecto de urbanización. Non obstante, para poder solicitar licenza de obras antes da finalización e recepción definitiva das obras de urbanización, deberá substituírse a anterior garantía por outra comprensiva do 100% do orzamento (execución por contrata) do proxecto. Comunicarase o inicio das obras ó Coordinador municipal da área de servizos.

Notifíquese o contido íntegro deste Acordo ós propietarios do polígono, coa indicación de que contra o mesmo cabe interpoñer, alternativamente, recurso de reposición nesta Administración municipal no prazo dun mes ou, recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses. Comuníquese o presente acordo ó departamento de tráfico, de supervisión de proxectos e inspección de obras, electromecánicos, montes parques e xardíns, empresas "R Cable e Telecomunicaciones de Galicia, S.A.", "Telefónica de España, S.A.", "Unión Fenosa S.A.", Aqualia e "Gas Galicia S.A.". Así mesmo procédase ó traslado do acordo á oficina de Patrimonio histórico do Concello e á Dirección Xeral de Patrimonio.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(1911).- PROXECTO URBANIZACIÓN UE I-02 REGUEIRO. APROBACIÓN DEFINITIVA. EXPTE. 4679/401.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral, do 8.10.07, conformado polo director da Oficina de Planeamento e Xestión, que di o seguinte:

O Pleno adoptou o 27.06.05 o seguinte acordo: “(...) PRIMEIRO: Aprobar definitivamente o Estudio de Detalle do Polígono <UE-I-02-Regueiro>, promovido pola entidade mercantil <Edificio Fontán SL.>, e redactado polos arquitectos D. Borja Ramilo Méndez e D. José Luis Pereiro Alonso, visado polo COAG no 29/09/2004, con fixación do sistema de execución por compensación. -Expte. 8857/411-. (...) TERCEIRO: Os propietarios do polígono deberán asumir-lo custe de conservación das zonas verdes. Tamén deberán constituír unha garantía polo 20% do presuposto da urbanización no prazo de 3 meses dende a aprobación definitiva do Proxecto de Urbanización (...)”.

En data 30.10.06 a Xunta de goberno local adoptou o seguinte acordo: “(...)PRIMEIRO: Aprobar definitivamente o cambio de sistema de compensación a concerto do polígono UE I-02 Regueiro (expte. 4649/401). SEGUNDO: Estimar parcialmente as alegacións formuladas durante o trámite de información pública por Dª Concepción Besada Giráldez (doc. 60086398) e D. José Justo Hidalgo (doc. 60087256), no senso e polos motivos sinalados no Fundamento Xurídico “VI” da parte expositiva deste Acordo. TERCEIRO: Aprobar definitivamente o Proxecto de Equidistribución do devandito polígono, formalizado en Escritura Pública no 27/05/2006 perante o notario de Vigo D. Miguel Lucas Sánchez co núm. 1247 do seu protocolo, promovido pola entidade mercantil “Edificio Fontán SL”, redactado polo avogado D. Fco. Javier García Martínez e o arquitecto D. Borja Ramilo Méndez, co único matiz de que nas parcelas iniciais “5” e “2” as indemnizacións pola extinción de arrendamentos ascenderán, respectivamente, a 128.447,55 € e 153.880,47 € incluído premio de afección. CUARTO: Desestimar a solicitude formulada por “Edificio Fontán SL” de monetarización e adquisición directa do aproveitamento urbanístico municipal, polos motivos sinalados no Fundamento Xurídico “IV” da parte expositiva deste Acordo. QUINTO: No momento da recepción das obras de urbanización do polígono os propietarios de aproveitamento lucrativo constituíranse en entidade urbanística de conservación. SEXTO: O promotor da actuación deberá inscribir o Proxecto de Equidistribución no Rexistro da Propiedade, remitíndolle a esta Administración a referencia rexistral das fincas adxudicadas ao Concello. Deberá tamén pagar ou consigna-las indemnizacións que procedan no prazo de seis meses (...)”.

A mercantil “Edificio Fontán, S.L.” o 8.05.06 presentou documento técnico do proxecto de urbanización da UE I-02 Regueiro para a súa tramitación.

A Xunta de goberno local, na súa sesión de 9.07.07, acordou o seguinte: “(...)1º.-Aprobar inicialmente o proxecto de urbanización da “UE I-02 Regueiro”, elaborado polo arquitecto don Borja Ramilo Méndez <visados de 27.04.06, 25.05.06, 26.07.06, 9.01.07, 13.02.07 e 11.04.07>.2º.- De acordo co previsto no punto 4º do artigo 110 da Lei 9/02, de 30 de decembro e o artigo 4º do D. 2183/68, de 16 de agosto, abrir un trámite de información pública polo prazo de vinte días hábiles, mediante publicación de anuncios no BOP e nun diario dos de maior circulación na Provincia. Notifíquese o contido íntegro deste acordo ós propietarios do terreo xunto cunha copia dos informes técnicos obrantes no expediente. Notifíquesele tamén ás entidades concesionarias de servizos públicos e infraestructuras de telecomunicacións e á Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible (...)”.

A aprobación inicial foi publicada no “Faro de Vigo” o 10.08.07 e no BOP o 10.08.07.

Consta no expediente certificado do Secretario da XMU de 11.09.07 no que se constata a non presentación de alegacións.

FUNDAMENTOS LEGAIS OU CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1. *Procedemento de aprobación do proxecto de urbanización.- A Lei 9/02, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, no apartado 4º do artigo 110, describe o procedemento de aprobación dun proxecto de urbanización. Aprobado inicialmente pola Xunta de Goberno Local (127.1.e da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local), someteuse a información pública polo prazo mínimo de vinte días. Unha vez analizadas as alegacións presentadas, procede a aprobación definitiva do proxecto de urbanización.*
2. *Sistema de actuación elixido para a execución do polígono- Según consta nos antecedentes, o sistema de execución elixido é o de concierto. O propietario asume a obriga de custear e executar a urbanización. De acordo co establecido no artigo 110.6 da Lei 9/02 e o plan xeral vixente, os propietarios deberán asumir a obriga de conservación da urbanización. Por outra parte, tendo en conta o establecido no artigo 133 do mesmo texto legal, a contratación das obras de urbanización realizarase sempre de acordo cos principios de publicidade e concurrencia.*
3. *Contido do proxecto de urbanización.- Según o artigo 110 da Lei 9/02 os proxectos de urbanización son proxectos de obras que teñen por finalidade executar os servizos e dotacións establecidas no planeamento (...) non poderán modificar as previsións do planeamento que desenvolven, sen prexuízo de que poidan efectuar as adaptacións esixidas pola execución material das obras. Según os informes contidos no expediente, o proxecto de urbanización axústase a normativa actualmente en vigor. Por outra parte, tendo en conta os informes técnicos, o proxecto cumpre o disposto na Lei 8/97, de 20 de agosto e o Decreto 35/2000, de accesibilidade.*
4. *Constitución das garantías precisas- O contido do artigo 3.8.11.i do PXOU-93 no que respecta á garantía das obras de urbanización, está afectado polo artigo 72 da Lei 9/02. Esta norma esixe a constitución dunha garantía por importe do 20% do custo estimado para a implantación dos servizos e a execución das obras de urbanización e de conexión cos sistemas xerais existentes. O texto da normativa urbanística actualmente en vigor, esixe a constitución dunha garantía do 100% no caso de que esteamos en presenza de solo urbano. A mesma ven prevista para o suposto de licencias condicionadas a completar a urbanización, pero non se realiza ningunha mención á execución de polígonos, cuxas obras de urbanización son de maior entidade que o previsto para o solo urbano consolidado. Por todo elo, en aplicación do principio *lex posterior derogat lex anterior* e de xerarquía normativa, se entende que é de aplicación o previsto no artigo 74 da Lei 9/02. Polo tanto, deberase constituir garantía por importe do 20% do custo estimado para a implantación dos servizos e a execución das obras de urbanización (execución por contrata) no prazo de 3 meses dende a aprobación definitiva do proxecto de urbanización. As mesmas, hanse cancelar unha vez recibida a urbanización e transcurrido o preceptivo prazo de garantía. Naquel caso que se pretenda a edificación simultánea, deberase constituir unha garantía pola totalidade do presuposto de execución por contrata que figura no proxecto de urbanización.*
5. *Órgano competente para a adopción do acordo de incoación e resolución do expediente.- Dada a redacción do artigo 127.1.k da Lei 7/85, a competencia para a aprobación do presente acordo corresponde á Xunta de Goberno Local.*

Polo tanto, PROPÓÑESE A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

1. *Aprobar definitivamente o proxecto de urbanización da “UE I 02 Regueiro”, elaborado polo arquitecto don Borja Ramilo Méndez con data de visado polo COAG de 27.04.06, 25.05.06, 26.07.06, 9.01.07, 13.02.07 e 11.04.07.*
2. *Para que o presente acordo sexa efectivo, no prazo de 3 meses dende a aprobación definitiva do proxecto de urbanización, deberase depositar garantía por importe do 20% do orzamento (execución por contrata, artigo 74.b da Lei 9/02) do proxecto de urbanización. Non obstante, para poder solicitar licenza de obras antes da finalización e recepción definitiva das obras de urbanización, deberá substituírse a anterior garantía por outra comprensiva do 100% do orzamento (execución por contrata) do proxecto. Comunicarase o inicio das obras ó Coordinador municipal da área de servizos.*
3. *Notifíquese o contido íntegro deste Acordo ós propietarios do polígono, coa indicación de que contra o mesmo cabe interpoñer, alternativamente, recurso de reposición nesta Administración municipal no prazo dun mes ou, recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses. Comuníquese o presente acordo ó departamento de tráfico, de supervisión de proxectos e inspección de obras, electromecánicos, montes parques e xardíns, empresas "R Cable e Telecomunicaciones de Galicia, S.A.", "Telefónica de España, S.A.", "Unión Fenosa S.A.", Aqualia e "Gas Galicia S.A."*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(1912).- PROXECTO MODIFICADO DE URBANIZACIÓN DA UE I-01 VILLALaura. APROBACIÓN DEFINITIVA. EXPTE. 4716/401

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral, do 8.10.07, conformado polo director da Oficina de Planeamento e Xestión, que di o seguinte:

En data 30.04.2003 o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo acordou: “(...) PRIMEIRO: Aprobar definitivamente o Proxecto de Urbanización do polígono <U.E. I - 01 VILLALaura>, redactado polos Arquitectos D. Antonio Davila Alonso, Dª Eva Filgueira García, D. César Jiménez López, D. Luis Meijide Rico e D. Jesús Cordeiro Rodríguez, visado polo COAG no 09/01/2002, 13/12/2001 e 13/07/2001 -Expte. 4291/401- (...)”.

No 19.10.2006 o representante da Xunta de Compensación presentou un escrito nesta Administración municipal solicitando a modificación do Proxecto de Urbanización.

Consta no expediente informe do enxeñeiro técnico de obras públicas de 24.11.06. Así mesmo emitiron informes as oficinas municipais de “Montes, parques e xardíns” e de “servizos electromecánicos”.

A Xunta de goberno local adoptou o 4.10.06 o seguinte acordo: “(...) PRIMEIRO: Aprobar inicialmente a modificación do Proxecto de Urbanización da UE I-01 Villalaura, redactada polos Arquitectos D. Antonio Davila Alonso, Dª Eva Filgueira García, D. César Jiménez López, D. Luis Meijide Rico e D. Jesús Cordeiro Rodríguez, visada polo COAG no 18/10/2006 -Expte. 4716/401-. SEGUNDO: Abrir un trámite de información

pública polo prazo de 20 días hábiles, mediante publicación de anuncios no BOP e nun diario dos de maior circulación na provincia. Notifíquese o seu contido íntegro á Xunta de Compensación e propietarios do polígono, así como ás entidades concesionarias de servizos públicos (...).

Do devandito acordo se deu traslado ós interesados e foi publicado no Faro de Vigo o 22.12.06 e no BOP o 12.02.07.

O 12.01.07 “Aqualia Gestión Integral del Agua, S.A. y Fomento de Construcciones y Contratas, S.A. UTE” presenta escrito no que poñe de manifesto certas cuestións relativas ó modificado do proxecto de urbanización.

En data 22.08.07 o enxeñeiro técnico de obras públicas informou o seguinte: “(...) En fecha 16 de Abril de 2007, a Xunta de Compensación UE I Villalaura presenta o documento –70046744- que contén os planos modificados según indicacións de Aqualia das redes de abastecemento, saneamento e pluviais e de fecais, polo que xa foron adxuntados o proxecto técnico redactado polos arquitectos Antonio Davila Alonso, Eva Fligueira García, César Jiménez López, Luis Meijide Rico e Jesús Cordeiro Rodríguez, foi aprobado inicialmente o 2 de outubro de 2006. Entende este técnico que non existe xa impedimento de tipo técnico para que o expediente poda continuar a súa tramitación (...)”.

FUNDAMENTOS LEGAIS OU CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

- 1.- Procedemento de aprobación da modificación do proxecto de urbanización.- A modificación dun proxecto de urbanización ten a mesma tramitación cun proxecto de urbanización. A Lei 9/02, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, no apartado 4º do artigo 110, describe o procedemento de aprobación dun proxecto de urbanización. Aprobado inicialmente pola Xunta de Goberno Local (127.1.e da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local), someteuse a información pública polo prazo mínimo de vinte días. Unha vez analizadas as alegacións presentadas, procede a aprobación definitiva do mesmo.
- 2.- Sistema de actuación elixido para a execución do polígono- Según consta nos antecedentes, o sistema de execución elixido é o de compensación. A Xunta de compensación asume a obriga de custear e executar a urbanización. De acordo co establecido no artigo 110.6 da Lei 9/02 e o plan xeral vixente, os propietarios deberán asumir a obriga de conservación da urbanización. Por outra parte, tendo en conta o establecido no artigo 133 do mesmo texto legal, a contratación das obras de urbanización realizarase sempre de acordo cos principios de publicidade e concurrencia.
- 3.- Contido da modificación do proxecto de urbanización.- Según o artigo 110 da Lei 9/02 os proxectos de urbanización son proxectos de obras que teñen por finalidade executar os servizos e dotacións establecidas no planeamento (...) non poderán modificar as previsións do planeamento que desenvolven, sen prexuízo de que poidan efectuar as adaptacións esixidas pola execución material das obras. Según os informes contidos no expediente, o proxecto de urbanización axústase a normativa actualmente en vigor. A necesidade de proceder á modificación do proxecto de urbanización aprobado pola XGL o 30.04.03 foi motivado polo adxunto ó director dos servizos técnicos de data 24.11.04.
- 4.- Analise da alegación presentada.- En data 12.01.07 “Aqualia” presenta unha alegación no sentido de realizar certas consideracións á rede de abastecemento e saneamento. Toda as insuficiencias detectadas pola entidade concesionaria foron subsanadas tra-lo oportuno requerimento á Xunta de Compensación.

5.- *Constitución das garantías precisas- Dado que o modificado do proxecto de urbanización supoñe un incremento sobre do orzamento de execución por contrata.*

6.- *Órgano competente para a adopción do acordo de incoación e resolución do expediente.- Dada a redacción do artigo 127.1.k da Lei 7/85, a competencia para a aprobación do presente acordo corresponde á Xunta de Goberno Local.*

Polo tanto, PROPÓÑESE A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

- 1. Aprobar definitivamente o proxecto modificado de urbanización do “UE I-01 Villalaura”, elaborado polos arquitectos Antonio Davila Alonso, Eva Filgueira García, César Jiménez López, Luis Meijide Rico e Jesús Cordeiro Rodríguez (data visado COAG 18.10.06).*
- 2. Estimar as alegacións e consideracións realizadas por “Aqualia” no seu escrito de data 12.01.07.*
- 3. Para que o presente acordo sexa efectivo, no prazo de 3 meses dende a aprobación definitiva do modificado do proxecto de urbanización, deberase depositar garantía por importe do 20% do orzamento incrementado (execución por contrata, artigo 74.b da Lei 9/02) do proxecto modificado de urbanización. Non obstante, para poder solicitar licenza de obras antes da finalización e recepción definitiva das obras de urbanización, deberá substituírse a anterior garantía por outra comprensiva do 100% do orzamento (execución por contrata) do proxecto. Comunicarase o inicio das obras ó Coordinador municipal da área de servizos.*
- 4. Notifíquese o contido íntegro deste Acordo ós propietarios do polígono, coa indicación de que contra o mesmo cabe interpoñer, alternativamente, recurso de reposición nesta Administración municipal no prazo dun mes ou, recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses. Comuníquese o presente acordo ó departamento de tráfico, servizos centrais da XMU, de supervisión de proxectos e inspección de obras, electromecánicos, montes parques e xardíns, empresas "R Cable e Telecomunicaciones de Galicia, S.A.", "Telefónica de España, S.A.", "Unión Fenosa S.A.", Aqualia e "Gas Galicia S.A."*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

19(1913).- APROBACIÓN PROXECTO MODIFIC. DE MELLORA DO TRAMO URBÁN DA REDE DE ESTRADAS DO ESTADO. DO TERMO MUNICIPAL DE VIGO. AVDA. DO AEROPORTO (N-556) E PRIMEIRO CINTO. EXPTE. 1/403 .

Examinadas as actuacións do expediente, e de acordo co informe-proposta do adxunto ó director dos Servizos Técnicos da Xerencia Municipal de Urbanismo, conformado pola concelleira delegada de Servizos Xerais, Vías e Obras e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Rectifica-lo acordo da Xunta de Goberno Local de 1 de outubro de 2007, no sentido de que o proxecto “Modificado do tramo urban da rede de estradas do Estado no termo municipal de Vigo-Avda. Aeroporto-N 556- e primeiro cinturón” ten un orzamento total de 2.876.085 euros.

2º.- De acordo co establecido no artigo 146.3.c do real decreto legislativo 2/2000, aproba-lo expediente e os gastos complementarios orzamentados no proxecto “Modificado do tramo urban da rede de estradas do Estado no termo municipal de Vigo-Avda. Aeroposto -N 556- e primeiro cinturón”.

3º.- A adopción do presente acordo implica o modificado do contrato suscrito entre o Concello de Vigo e a empresa “Sercocosa Proyectos y Obras, S.A.” asinado o 1 de setembro de 2006, a adxudicación da execución das unidades de obras novas e a obrigatoria execución das modificadas relacionadas no proxecto mencionado. O orzamento adicional líquido do proxecto modificado é de 465.692,08 euros.

4º.- Remitir con carácter previo á adopción do acordo que proceda, á Intervención municipal.

5º.- Reaxustar a garantía e proceder á formalización do acordo co previsto no artigo 54 do real decreto legislativo 2/2000, de 16 de xuño. Tendo en conta o proxecto modificado, non procede reaxuste do prazo de execución.

6º.- Dar conta do acordo ó departamento de contratación e ó adxudicatario para que procedan ó reaxuste da garantía e á formalización de novo contrato.

20(1914).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DEFINITIVA DE AXUDAS PARA A REHABILITACIÓN DE VIVENDA (EDIFICIO) NA RÚA SEBASTIÁN ELCANO, 18. EXPTE. 275/2006.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da director da Oficina de rehaiblitación, do 5.10.07, conformado polo concelleiro delegado de Cascos Históricos, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a certificación emitida en data polo arquitecto municipal de finalización das obras de rehabilitación no inmovible localizado en SEBASTIAN ELCANO (RUA) 018, executadas ao abeiro do Convenio entre o IGVS e o Concello de Vigo en materia de rehabilitación de edificios e vivendas na Área de Rehabilitación do Casco Histórico de Bouzas, asinado o 9 de marzo de 2007 (1ª Fase).

2º.- Conceder definitivamente a Julio Piorno González (DNI/NIF nº 36083652-X) a axuda de 10000 euros que será financiada polo Ministerio de Fomento na cantidade de 5000 euros e polo Instituto Galego da Vivenda e Solo na cantidade de 5000 euros.

3º.- Conceder definitivamente a cantidade de 10000 euros con cargo á partida 4320.7800100 do orzamento da Xerencia de Urbanismo.

4º.- Notificar este acordo ao interesado, conforme co disposto nos artigos 58 e 59 da L.30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común (LRX-PAC).

21(1915).- SOLICITUDE SUBVENCIÓN INSTALACIÓN SOLAR TÉRMICA NO POLIDEPORTIVO DO BERBÉS. EXPTE. 46515/250. EXPTE. 47786/250.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta do xefe de negociado de Vías e Obras, conformado pola concelleira delegada do Área de Servizos Xerais e Vías e Obras, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar a solicitude de subvención o INEGA (obrante no expediente), comprometéndose a destinar o diñeiro recibido pola mesma a obra para o que vai ser concedido (Instalación solar térmica no pavillón do Berbés).

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

22(1916).- PROPOSTA DE NOMEAMENTO COMO FUNCIONARIOS EN PRÁCTICAS CON CARGO A 4 PRAZAS VACANTES DE INSPECTOR DA POLICÍA LOCAL. EXPTE. 17756/220.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico de Organización, do 22.10.07, conformado pola xefa da Unidade de Persoal, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Nomear funcionarios/as en prácticas, con cargo a dúas prazas vacantes de Inspector do Corpo da Policía Local, pola tanda libre, ós seguintes aspirantes propostos polo Tribunal Cualificador e que obtieron ás máximas cualificacións nas probas selectivas do proceso selectivo da referida oposición e que son os que deseguido se indican:

1º.- D. FRANCISCO JAVIER ÁLVAREZ FERREIRA, D.N.I 36.076.666-Q, que obtivo un total de 23,185 puntos.

2º.- D. RAMÓN PÉREZ RODRÍGUEZ, D.N.I. 36.084.908-R, que obtivo un total de 22,350 puntos.

Segundo.- Nomear funcionarios/as en prácticas, con cargo a dúas prazas vacantes de Inspector do Corpo da Policía Local, pola tanda de promoción interna, ós seguintes aspirantes propostos polo Tribunal Cualificador e que obtieron ás máximas cualificacións nas probas selectivas do proceso selectivo da referida oposición e que son os que deseguido se indican:

1º.- D. JOSE MANUEL VÁZQUEZ VARELA, D.N.I 36.071.670-B, que obtivo un total de 69,500 puntos.

2º.- D. PABLO DEL RÍO DÍZ, D.N.I. 36.107.653-R, que obtivo un total de 66,320 puntos.

Terceiro.- En tanto realizan o curso teórico-práctico, percibirán como retribucións o importe do soldo inicial, agás que os nomeados xa viñesen desenvolvendo un cargo na Policía Local deste Concello, como neste caso, polo que continuarán percibindo as retribucións que ata o día de hoxe teñen

recoñecidas (neste caso as do posto nº 134 –garda- no que se refire o aspirante D. Francisco J. Álvarez Ferreira e as do posto nº 126-Cabo, no que respecta ós aspirantes D. Ramón Pérez Rodríguez, D. José Manuel Vázquez Varela e D. Pablo del Río Diz), que foron solicitadas polos catro aspirantes con esta mesma data.

Cuarto.- Ós/ás aspirantes nomeados/as deberán tomar posesión da súa praza como funcionarios/as en prácticas con efectos de 22 de outubro de 2007, quedando supeditada a súa toma de posesión como funcionarios/as de carreira a que superen o curso teórico-práctico contemplado nas bases específicas da convocatoria.

23(1917).- PROPOSTA DE NOMEAMENTO COMO FUNCIONARIOS EN PRÁCTICAS CON CARGO A 8 VACANTES DE OFICIAIS DA POLICÍA LOCAL. EXPTE.17757/220.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico de Organización, do 22.10.07, conformado pola xefa da Unidade de Persoal, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Nomear funcionarios/as en prácticas, con cargo a oito prazas vacantes de Oficial do Corpo da Policía Local, pola tanda libre, ós seguintes aspirantes propostos polo Tribunal Cualificador e que obtiveron ás máximas cualificacións nas probas selectivas do proceso selectivo da referida oposición e que son os que deseguido se indican:

- 1º.- D. GERMAN PARDO LÁZARA, D.N.I. 36.117.935-T, que obtivo un total de 28,835 puntos.
- 2º.- D. DAVID COSTAS PÉREZ, D.N.I. 36.101.838-A, que obtivo un total de 26,350 puntos.
- 3º.- D. FRANCISCO JOSÉ PORTO JUSTO, D.N.I. 76.989.346-C, que obtivo un total de 25,590 puntos.
- 4º.- D. JUAN DIEGO VÁZQUEZ MARTÍNEZ, D.N.I. 36.145.278-L, que obtivo un total de 24,658 puntos.
- 5º.- D. ANTONIO JOSÉ LÓPEZ SANTANA, D.N.I. 36.157.712-X, que obtivo un total de 24,471 puntos.
- 6º.- D. FRANCISCO DOMÍNGUEZ ALONSO, D.N.I. 76.911.101-K-Q, que obtivo un total de 24,050 puntos.
- 7º.- D. MARCOS OTERO SOTELO, D.N.I. 36.112.260-Y, que obtivo un total de 23,416 puntos.
- 8º.- D. OSCAR MANUEL SÁNCHEZ VÁZQUEZ, D.N.I. 76.721.177-P, que obtivo un total de 23,001 puntos.

Segundo.- En tanto realizan o curso teórico-práctico, percibirán como retribucións o importe do soldo inicial, agás que os nomeados xa viñesen desenvolvendo un cargo na Policía Local deste Concello, como neste caso, polo que continuarán percibindo as retribucións que ata o día de hoxe teñen recoñecidas (neste caso as do posto nº 134 –garda-), que foron solicitadas polos oito aspirantes con esta mesma data.

Terceiro.- Ós/ás aspirantes nomeados/as deberán tomar posesión da súa praza como funcionarios/as en prácticas con efectos de 22 de outubro de 2007, quedando supeditada a súa toma de posesión como funcionarios/as de carreira a que superen o curso teórico-práctico contemplado nas bases específicas da convocatoria.

24(1918).- PROPOSTA DE NOMEAMENTO COMO FUNCIONARIOS EN PRÁCTICAS CON CARGO A 26 PRAZAS VACANTES DE POLICÍA LOCAL. EXPTE. 17758/220.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico de Organización, do 22.10.07, conformado pola xefa da Unidade de Persoal, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Nomear funcionarios/as en prácticas, con cargo a 26 prazas vacantes de Policía, ós/ás seguintes aspirantes propostos polo Tribunal Cualificador e que obtiveron ás máximas cualificacións nas probas selectivas do proceso selectivo da referida oposición e que son os/as que deseguido se indican:

- 1º.- D. ISMAEL RODRÍGUEZ MONTERO, D.N.I 53.182.855-R, que obtivo un total de 10,590 puntos.
- 2º.- D. JOSE MATIAS COMESAÑA BARREIRO, D.N.I. 36.175.545-H, que obtivo un total de 10,363 puntos.
- 3º.- D. EZEQUIEL OTERO VILLAR, D.N.I 53.180.858-M, que obtivo un total de 10,255 puntos.
- 4º.- D. PATRICIA UBEIRA GROSIO, D.N.I. 36.158.679-B, que obtivo un total de 10,250 puntos.
- 5º.- D. ABEL BUENO ALONSO, D.N.I 53.182.274-R, que obtivo un total de 10,175 puntos.
- 6º.- D^a. AIDA VILLAR SILVA, D.N.I. 53.177.856-Q, que obtivo un total de 10,120 puntos.
- 7º.- D. MANUEL VAS COSTA, D.N.I 36.170.723-A, que obtivo un total de 10,090 puntos.
- 8º.- D. UNAY IGLESIAS RODRÍGUEZ, D.N.I. 53.190.786-C, que obtivo un total de 10,050 puntos.
- 9º.- D. FERNANDO OTERO PENELA, D.N.I 44.075.007-S, que obtivo un total de 10,040 puntos.
- 10º.- D. BRAULIO GUTIÉRREZ GIMÉNEZ, D.N.I. 76.896.562-H, que obtivo un total de 10,020 puntos.
- 11^a.- D. JARA MARIA VERA ARMADA, D.N.I 36.130.993-V, que obtivo un total de 9,970 puntos.
- 12º.- D. XOSÉ ANTÓN PÉREZ BARREIRA, D.N.I. 53.174.609-N, que obtivo un total de 9,955 puntos.
- 13º.- D. SERAFIN NOVAS MARTÍNEZ, D.N.I 73.241.318-A, que obtivo un total de 9,930 puntos.
- 14º.- D. RICARDO SOTO RODRÍGUEZ, D.N.I. 77.003.831-S, que obtivo un total de 9,770 puntos.
- 15^a.- D^a. MARIA ALVAREZ PENA, D.N.I 53.172.249-K, que obtivo un total de 9,750 puntos.
- 16^a.- D. TANIA FERNÁNDEZ LEMOS, D.N.I. 36.121.620-M, que obtivo un total de 9,700 puntos.
- 17º.- D. ANTONIO GUEDELLA FERNÁNDEZ, D.N.I 53.173.507-Z-R, que obtivo un total de 9,700 puntos.
- 18º.- D. JESÚS MARCO GONZÁLEZ CASTILLO, D.N.I. 36.175.545-H, que obtivo un total de 9,690 puntos.
- 19º.- D. RUBEN IGLESIAS MELEIRO, D.N.I 36.136.940-F, que obtivo un total de 9,675 puntos.
- 20º.- D. ENRIQUE GARCÍA RODRÍGUEZ, D.N.I. 36.131.925-Y, que obtivo un total de 9,630 puntos.
- 21º.- D. JOAQUÍN BLANCO PÉREZ, D.N.I 36.131.502-C, que obtivo un total de 9,600 puntos.

- 22ª.- Dª. CELINA AGAHWA MARTÍNEZ, D.N.I. 36.174101-T, que obtivo un total de 9,570 puntos.
- 23º.- D. JOSÉ TOUCEDO ALONSO, D.N.I. 76.997.538-R, que obtivo un total de 9,570 puntos.
- 24º.- D. DIEGO COSTAL GONZÁLEZ, D.N.I. 36.121.128-L, que obtivo un total de 9,540 puntos.
- 25º.- D. JOSE MARIA TELLA DOVAL, D.N.I. 33.350.085-Q-S, que obtivo un total de 9,500 puntos.
- 26º.- D. JUAN CASTRO DELGADO, D.N.I. 36.145.345-V, que obtivo un total de 9,497 puntos.

Segundo.- En tanto realizan o curso teórico-práctico, percibirán como retribucións o importe do soldo inicial. Durante as prácticas no Concello percibirán tamén o mesmo soldo, agás que as prácticas as realicen facendo tarefas propias dos funcionarios do Corpo para as que non sexa preciso contar coa condición de funcionario/a de carreira, nese caso se lle aboarían tamén as retribucións complementarias do posto durante o tempo que realicen ditas tarefas.

En ningún caso a súa xornada en cómputo mensual poderá ser superior á establecida, polo que non poderán percibir compensación ningunha por horas en exceso.

Terceiro.- Ós/ás aspirantes nomeados/as deberán tomar posesión da súa praza como funcionarios/as en prácticas con efectos de 22 de outubro de 2007, quedando supeditada a súa toma de posesión como funcionarios/as de carreira a que superen o curso teórico-práctico contemplado nas bases específicas da convocatoria.

25(1919).- RECURSOS PRESENTADOS CONTRA ACORDOS DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DESIGNADO PARA A PROVISIÓN DE PRAZAS VACANTES DE CABOS DO SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INDENCIOS NO MARCO DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO CORRESPONDENTE DO ANO 2005.EXPTE. 17752/220.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa da Unidade de Persoal, do 17.10.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Declarar, ao abeiro do preceptuado no artigo 63 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, a anulabilidade do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 10/09/2007 (expediente administrativo nº 17.429/220) nomeando 4 funcionarios en prácticas coa categoría de cabos do Servizo de extinción de Incendios, por ter sido adoptado sen o previo alzamento da suspensión da execución do acto impugnado acaecida polo transcurso do prazo de 30 días sen resolver expresamente a solicitude a tal efecto formulada en escritos de datas 22/06/2007 e 04/07/2007 por D. Modesto Vázquez Pazó.

SEGUNDO.- Acordar expresamente o alzamento da suspensión da execución do acordo adoptado en data 23 de maio do 2006 do polo tribunal cualificador designado para a provisión de 4 prazas de cabos do Servizo de Extinción de Incendios, obxecto de impugnación en recursos presentados no Rexistro Xeral do Concello por D. Modesto Vázquez Pazó en data 18/09/2007 (documento nº 70103186) e anteriores.

TERCEIRO.- En aplicación do disposto no artigo 67 da citada Lei 30/1992, convalidar o acto administrativo viciado e referido no antecedente primeiro, acordando expresamente nomear funcionarios en prácticas con cargo a 4 prazas vacantes de cabo do Servizo Extinción de Incendios aos seguintes aspirantes, propostos polo tribunal cualificador e que superaron todas as fases do proceso selectivo da referida oposición e que son os que de seguido se indican:

- 1º.- D. HÉCTOR SOAGE BERMÚDEZ, NIF 36.105.268-Y, que obtivo 22,875 puntos.
- 2º.- D. JOAQUÍN FUENTÉS DOMÍNGUEZ, NIF 53.173.718-H, que obtivo 20,550 puntos.
- 3º.- D. RAFAEL ROMERO IGLESIAS, NIF 52.490.251-L, que obtivo 20,225 puntos.
- 4º.- D. JUAN CARLOS ILLÁN LOMBAO, NIF 33.329.187-W, que obtivo 20,025 puntos.

En tanto realizan o curso teórico-práctico, percibirán como retribucións o importe do soldo inicial, agás que os nomeados xa viñesen desenvolvendo un cargo no servizo de Extinción de Incendios deste Concello, como no presente caso, no que continuarán percibindo as retribucións que teñan recoñecidas. Os aspirantes nomeados deberán tomar posesión da súa praza como funcionarios en prácticas no prazo de 1 mes a contar dende o seguinte ao da recepción do presente acordo.

A presente convalidación producirá efectos dende a súa data, acordándose expresamente a convalidación de todos os actos e trámites cuxo contido se mantivese igual de non haberse cometido a infracción en virtude do artigo 66 da Lei 30/1992.

CUARTO.- Confirmar, ao abeiro do disposto no artigo 44 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, a desestimación por silencio dos recursos presentados por D. Modesto Vázquez Pazó en data 18/09/2007 (documento nº 70103186) e anteriores.

QUINTO.- Dispoñer que o presente acordo se publique no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de Edictos da Casa do Concello, significando que contra o mesmo poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

26(1920).- RECUSOS PRESENTADOS CONTRA OS ACORDOS DOS TRIBUNAIS CUALIFICADORES DESIGNADOS PARA A PROVISIÓN DE PRAZAS VACANTES DE SUBOFICIAIS DO SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS NO MARGO DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO CORRESPONDENTE O ANO 2005. EXPTE. 17753/220.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa da Unidade de Persoal, do 17.10.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1. En escritos presentados por D. José Antonio Villar Comesaña, D. Vicente Aparicio González, D. Héctor Soage Bermúdez, D. Gerardo Fernández Costas, D. Modesto Vázquez Pazó e pola Sección Sindical de CC OO no Concello de Vigo no Rexistro Xeral do Concello en datas 06/09/2007 (documentos n°s 70098784, 70098790, 70098794) e por D. Emilio Días de la Iglesia e D. Héctor Soage Bermúdez en data 13/09/2007 (documento n° 70101567) foron presentados diversos recursos contra os acordos adoptados polo tribunal cualificador designado para a provisión de 4 prazas de suboficial do Servizo de Extinción de Incendios. Parellamente as impugnacións formuladas inclúen a solicitude de suspensión da execución dos actos impugnados.

2. En data 11/09/2007 o Sr. Titular da Asesoría Xurídica Municipal emitiu informe -obrante no expediente administrativo- no cal se conclúe que a suspensión cautelar dos acordos recorridos solicitada nos recursos de alzada deberá entenderse automaticamente concedida por silencio administrativo positivo en tanto non se resolvan os recursos presentados, e que, en canto ao procedemento seguido, todo parece indicar que as resolucións dos recursos de alzada adoptadas polo Concello deben ser anuladas, ordeando retrotraer o expediente ao momento procesual de traslado dos referidos recursos aos posibles interesados a efectos de alegacións, e resolución sobre o fondo do asunto, todo elo no prazo de 3 meses a partir da interposición dos recursos (4 de xullo do 2007).

3. Remitidas as actuacións ao Secretario do Tribunal cualificador, en data 19/09/2007 éste emite informe no cal se di que:

“Á vista do seu escrito de data 17 de setembro de 2007, no que se me comunica, na miña condición de Secretario dos Tribunais de selección de Cabos e Suboficiais do Servizo de Extinción de Incendios, que “á vista do informe emitido en data 11 de setembro ppdo. polo titular da Asesoría Xurídica municipal, trasládolle que deberá Vde. convocar aos tribunais cualificadores, á maior brevidade, aos efectos da retroacción de actuacións sinalada no dito informe”, o que suscribe informa o seguinte:

1º A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 16 de xullo de 2007, adoptou acordo de nomeamento de representantes da Corporación nos Tribunais da Oferta de Emprego Público 2005, para prazas vacantes, no que, en resume, se di que tras a celebración de eleccións municipais o pasado 27 de maio, actualmente concorre a circunstancia de que en varios tribunais a figura do Presidente e do Vogal en representación da Corporación non pode ser exercida, debido a que as persoas designadas a tal efecto non gozan, na data de hoxe, da condición de concelleiros ou concelleiras da Corporación Municipal de Vigo, o cal lles impide representar á mesma ou á Alcaldía-Presidencia nos ditos órganos de selección.

En consecuencia, acordou substituír en determinados tribunais que non tiñan rematado o proceso selectivo, aos Presidentes e Vogais en representación da Corporación que teñan perdido a condición de tales, aos efectos de evitar posibles impugnacións dos actos e acordos definitivos que os mesmos adopten.

Nos procesos selectivos para cubrir por promoción interna prazas de cabo e suboficial do servizo de extinción de incendios non se adoptou tal medida por ter rematado o proceso selectivo polo Tribunal, sen ter en conta os posibles recursos que poideran interporse con posterioridade. Na actualidade non teñen a condición de concelleiros ou concelleiras desta Corporación o Presidente titular do Tribunal de Cabos do Servizo de extinción de incendios, D. José Manuel Couto Pérez, nin o suplente, Dª María

Soledad Polo Lima; tampouco ostentan dita condición os Vogais en representación da Corporación do Tribunal de Suboficiais titular, D. Amador Fernández Fernández, nin o suplente, D. Xabier Toba Girón, nin o suplente no Tribunal de Cabos, D. Xosé Carlos Arias Moreira.

En consecuencia, o que suscribe, entende que non se pode convocar aos Tribunais cualificadores, en tanto non se adoptara un posible acordo de cambio de Presidentes e Vogais en representación da Corporación. Tendo en conta que o prazo máximo para dictar e notificar a resolución dos recursos de alzada é de tres meses, segundo establece o artigo 115.2 da Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, non sería posible adoptar dito acordo, tendo en conta que os recursos de alzada foron presentados entre o 21 de xuño e o 4 de xullo do ano que andamos.

2º No informe do Titular da Asesoría Xurídica de data 11 de setembro, que se adxunta no seu escrito, na súa conclusión 2ª di que as resolucións dos recursos de alzada adoptadas polo Concello... deben ser anuladas ordeando retrotraer o expediente ao momento procesal de traslado dos referidos recursos aos posibles interesados a efectos de alegacións, e resolución sobre o fondo do asunto, todo elo dentro do prazo de tres meses a partir da interposición dos recursos. O devandito prazo de alegacións, segundo establece o artigo 112 da LRXAPPAC, non será inferior a dez días nin superior a quince, polo que se estaría, así mesmo, fora de prazo para resolver os recursos de alzada.

En consecuencia do anterior, e tendo en conta ademais que non sería competencia dos Tribunais a proposta de anulación das resolucións dos recursos de alzada adoptadas polo Concello, devólvese a esa Unidade de Persoal o escrito referenciado, cos seus documentos anexos, aos efectos oportunos.”

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I. A Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999 (LRXAP-PAC) regula no seu artigo 111 o instrumento legal da suspensión da execución dos actos impugnados, sendo a norma xeral a de que a interposición de calquera recurso, excepto nos casos en que unha disposición estableza o contrario, non suspenderá a execución do acto impugnado. Non obstante, o órgano a quen compete resolver o recurso, previa ponderación suficientemente razoada entre o prexuízo que lle causaríase ao interese público ou a terceiros a suspensión e o prexuízo que lle causaríase ao recorrente como consecuencia da eficacia inmediata do acto recorrido, poderá suspender, de oficio ou a solicitude do recorrente, a execución do acto impugnado cando conorra algunha das seguintes circunstancias:

Que a execución puidese causar prexuízos de imposible ou difícil reparación.

Que a impugnación de fundamente nalgunha das causas de nulidade de pleno dereito previstas no artigo 62.1 da mesma norma.

A pesares do antedito, o mesmo precepto sinala que a execución do acto impugnado entenderase suspendida si transcorridos 30 días dende que a solicitude de suspensión teña tido entrada no rexistro do órgano competente para decidir sobre a mesma, ésta non dicta resolución expresa ao efecto.

Na data de hoxe pode considerarse que operou plenamente a suspensión anteriormente descrita, debido a que o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 6 de agosto do 2007 foi adoptado

fóra do prazo de 30 días establecido ao efecto, e no mesmo non se acordou expresamente o alzamento da suspensión que se puidese ter producido, como sería o desexable.

En consecuencia, e á vista tanto do informe do Sr. Titular da Asesoría Xurídica Municipal como do Secretario do Tribunal cualificador obrantes no expediente administrativo, resulta obvia a situación actual de suspensión da execución do acto que se recorre (acordo do tribunal cualificador de data 1 de xuño de 2007, propoñendo os aspirantes que teñen superado os exercicios integrantes do proceso selectivo para seren nomeados) procedendo, como primeira e esencial medida, propoñer o alzamento expreso da suspensión acaecida polo transcurso do prazo, ao abeiro precisamente do propio artigo 111 xa referido.

II. En canto ao fondo do asunto, resulta clara a operatividade do instituto xurídico do silencio administrativo, regulado nos artigos 43 e 44 da citada Lei 30/1992; en concreto, o artigo 44 preceptúa que nos procedementos iniciados de oficio o vencemento do prazo máximo establecido sen que se teña dictado e notificado resolución expresa producirá efecto desestimatorio cando se trate de procedementos dos que poida derivarse o recoñecemento ou constitución de dereitos ou outras situacións xurídicas individualizadas; vistas as especiais circunstancias que concorren no presente suposto, postas de manifesto polo Secretario do Tribunal en canto á imposibilidade de retroacción de actuacións en prazo, e vista a plena operatividade do silencio administrativo negativo polo transcurso do prazo legamente establecido de 1 mes para a resolución dos recursos interpostos en datas 06/09/2007 e 13/09/2007, non cabe máis que propoñer a confirmación dos efectos do mesmo, sempre sen prexuízo da interposición dos recursos xurisdiccionais que a Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa outorga aos lexitimados ao efecto.

III. Dado que se trata dun procedemento de concorrencia competitiva, parece oportuno, ao abeiro do disposto no artigo 111.5 da LRXAP-PAC reiteradamente citado, propoñer a publicación do acordo que se adopte no BOP e no taboleiro de Edictos do Concello.

IV. Corresponde á Xunta de Goberno Local a competencia para resolver, de conformidade co establecido nos artigos 127.1.g) e h) da vixente Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local.

Consecuentemente, sométese á consideración do devandito órgano a aprobación da seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO.- Acordar expresamente o alzamento da suspensión da execución do acordo adoptado en data 1 de xuño de 2007, polo tribunal cualificador designado para a provisión de 4 prazas de suboficiais do Servizo de Extinción de Incendios, obxecto de impugnación en recursos presentados no Rexistro Xeral do Concello por D. José Antonio Villar Comesaña, D. Vicente Aparicio González, D. Héctor Soage Bermúdez, D. Gerardo Fernández Costas, D. Modesto Vázquez Pazó e pola Sección Sindical de CC OO no Concello de Vigo no Rexistro Xeral do Concello en datas 06/09/2007 (documentos nºs 70098784, 70098790, 70098794) e por D. Emilio Días de la Iglesia e D. Héctor Soage Bermúdez en data 13/09/2007 (documento nº 70101567).

SEGUNDO.- Confirmar, ao abeiro do disposto no artigo 44 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, a desestimación por silencio dos recursos mencionados no primeiro apartado desta parte dispositiva.

TERCEIRO.- Dispoñer que o presente acordo se publique no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de Edictos da Casa do Concello, significando que contra o mesmo poderase interpoñer recurso contencioso-

administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

27(1921).- RECURSO DE ALZADA PRESENTADO POLA ASPIRANTES A PRAZAS DE ADMINISTRATIVOS DE ADMÓN. XERAL. D^a. ROSA SANCECILIO VIEITEZ E D^a. ANA M^a LOBATO CAMESELLE. EXPTE. 17762/220.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente , dáse conta do informe-proposta do titular do Órgano de Apoio á Xunta de Goberno local, do 8.10.07, conformado polo concelleiro delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:

A lexislación aplicable está esencialmente recollida nos artigos 114 e 115 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, do que resulta que é competente para resolver o recurso a Xunta de Goberno, como órgano que nomeou ao Presidente do Tribunal cualificador.

De acordo co que se establece no mesmo artigo 114 da Lei 30/1992 o Tribunal cualificador, tendo en conta que o recurso tense interposto ante o mesmo, deberá remitilo a Xunta de Goberno co seu informe.

Na acta da reunión do día 6 de setembro de 2007 do mencionado Tribunal encargado de xulgar as probas selectivas, deuse conta do escrito remitido con data 14 de setembro pola Xefa da Unidade de Persoal referente aos mencionados recursos. Unha vez examinados estes, o Tribunal considera que, tendo en conta que esencialmente as alegacións que se conteñen nos mesmos xa foron resoltas polo mesmo, seguindo o informado polo Asesor en Informática, D. Ricardo Rodríguez Frieiro, no seu informe de data 24 de xullo de 2007, non debe afectar ningún informe máis dado o carácter revisor do recurso dealzada polo que será a Xunta de Goberno quen debe decidir previo os informes adicionais que considere oportunos.

Con data 25 de setembro de 2007, en aplicación do disposto no artigo 112 da Lei 30/1992, do 26 de novembro (LRXPAC) déuselle traslado dos recursos aos outros opositores para que, no prazo de 10 días, aleguen canto estimen procedente. O prazo remata o día 6 outubro de 2007.

Con data de rexistro de entrada do 3/10/07 D. Víctor Martínez Oya e 16 opositores mais, no trámite de audiencia outorgado, presentan alegacións solicitando a desestimación dos recursos e a execución da proposta de nomeamento na forma contida na Acta da reunión do tribunal cualificador de data 06/09/2007.

Polos motivos expostos o funcionario que subscribe, tendo en conta que as alegacións que se conteñen nos recursos xa foron desestimadas polo Tribunal, propón á Xunta de Goberno, previo os informes adicionais que considere oportunos, a adopción do seguinte ACORDO:

Desestimar os recursos de alzada interpostos, con data 12de setembro de 2007, por D^a. Rosa Sancecilio Viéitez e D^a. Ana M^a Lobato Cameselle, confirmando na súa totalidade o acordo adoptado polo correspondente Tribunal

qualificador de data 06/09/2007, en relación cos aspirantes que superaron as probas para ocupar prazas de administrativos de admón. xeral deste Concello correspondentes a oferta de emprego público de 2005.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

28(1922).- RECURSO DE ALZADA PRESENTADO POR ASPIRANTE A PRAZAS DE ADMINISTRATIVO DE ADMÓN. XERAL D. ANDRÉS ESCARIZ FUENTES. EXPTE. 17761/220.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente , dáse conta do informe-proposta do titular do Órgano de Apoio á Xunta de Goberno local, do 22.10.07, conformado polo concelleiro delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:

A lexislación aplicable está esencialmente recollida nos artigos 114 e 115 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, do que resulta que é competente para resolver o recurso a Xunta de Goberno, como órgano que nomeou ao Presidente do Tribunal cualificador.

De acordo co que se establece no mesmo artigo 114 da Lei 30/1992 o Tribunal cualificador, tendo en conta que o recurso tense interposto ante o mesmo, deberá remitilo a Xunta de Goberno co seu informe.

O recurso solicita basicamente a anulación da puntuación outorgada a D^a Carmen Sastre como consecuencia da estimación dun recurso presentado diante do tribunal cualificador. Concretamente, na reunión do 20 de agosto de 2007, o tribunal acorda, en relación coa proba de informática de promoción interna, aceptar a proposta do Asesor en Informática do Tribunal, D. Ricardo Rodríguez Frieiro, sobre a reclamación presentada D^a. Carmen Sastre e en consecuencia outórgalle a puntuación de 5.02 puntos.

Na acta da reunión do día 6 de setembro de 2007 o Tribunal encargado de xulgar as probas selectivas considerou, en relación con outros recursos dealzada, que tendo en conta que esencialmente as alegacións que se conteñen nos mesmos xa foron resoltas polo mesmo, seguindo o informado polo Asesor en Informática, D. Ricardo Rodríguez Frieiro, no seu informe de data 24 de xullo de 2007, non debe efectuar ningún informe máis dado o carácter revisor do recurso de alzada polo que será a Xunta de Goberno quen debe decidir previo os informes adicionais que considere oportunos. Este criterio é totalmente aplicable ao recurso do que se trata.

Con data 8 de outubro de 2007, en aplicación do disposto no artigo 112 da Lei 30/1992, do 26 de novembro (LRXPAC) déuselle traslado dos recursos aos outros opositores para que, no prazo de 10 días, aleguen canto estimen procedente. O prazo remata o día 20 outubro de 2007.

Con data de rexistro de entrada do 17/10/07 D^a. Carmen Sastre Vázquez, no trámite de audiencia outorgado, presenta alegacións solicitando a desestimación do recurso.

Polos motivos expostos o funcionario que subscribe, tendo en conta que as alegacións que se conteñen nos recursos xa foron desestimadas polo Tribunal, propón á Xunta de Goberno, previo os informes adicionais que considere oportunos, a adopción do seguinte ACORDO:

Desestimar os recurso de alzada interposto, con data 6 de outubro de 2007, por D. Andrés Escariz Fuentes, confirmando na súa totalidade o acordo adoptado polo correspondente Tribunal cualificador de data 06/09/2007, en relación cos aspirantes que superaron as probas para ocupar prazas de administrativos de admón. xeral deste Concello correspondentes a oferta de emprego público de 2005.

Acordo

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

29(1923).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVICIO PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE REPARACIÓN XERAL DE BEIRARRÚAS NA CIDADE DE VIGO. EXPTE. 53565/250.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe administrativo de Vías e Obras, do 19.09.07, conformado polo exeñeiro de Vías e Obras, a concelleira delegada da Área de Servizos Xerais e Vías e Obras e o interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o Prego de prescripción técnicas particulares o seu Anexo (memoria, prego de prescripción técnicas gerais, planos e cadro de prezos) de Reparación Xeral de Beirarrúas na cidade de Vigo , redactado polo técnico municipal da Área de Servizos Xerais D. Jorge Muñoz Rama

2º.- Aprobar o prego de condicións administrativas particulares elaborado pola Área de Servizos Xerais e Vías e Obras para á contratación por procedemento aberto en forma de concurso para a execución das obras de Reparación de Beirarrúas na cidade de Vigo .

3º.- Autorizar o gasto para a contratación da referidas obras Vigo por un importe máximo de 200.000,00 € e con cargo á partida 5110.210.00.00 do presuposto 2007

4º.- Abrir o procedemento licitatorio convocando o concurso para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

30(1924).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN E INSTALACIÓN DE 13 XARDIÑEIRAS DE PÉ CON PLANTAS DE TEMPADA EN RÚAS COMERCIAIS. IV FASE. EXPTE. 2210/104.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico favorable do 8.10.07, e de acordo co informe-proposta do xefe de Negociado de Contratación, de data 10.10.07, conformado polo primeiro tenente de Alcalde e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Declarar a urxencia na tramitación do expediente 2210/104.

2º.- Autorizar o gasto 40.000 euros euros para a execución da subministración de 13 xardiñas de pe con plantas de tempada. que se imputarán á partida presupuestaria 6220.601.00.00. do vixente presuposto.

3º.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación de subministracións polo excmo. Concello de Vigo xunto coa Folla de Especificacións do Contrato (FEC) de data 03-10-07 o prego de prescripción técnicas para a subministración de 13 xardiñas de pe con plantas de tempada..

4º.- Solicitar oferta a Calfensa Proyectos, S.L. para a execución do contrato.

31(1925).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA INSTALACIÓN DE SISTEMAS DE ILUMINACIÓN ARTÍSTICA NA IGREXA DE SANTIAGO DE VIGO. EXPTE. 2212/104.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico favorable do 8.10.07, o informe de fiscalización do 22.10.07, e de acordo co informe-proposta do xefe de Negociado de Contratación, de data 25.09.07, conformado polo primeiro tenente de Alcalde, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Declarar a urxencia na tramitación do expediente 2212-104

2º.- Autorizar o gasto 100.000 euros euros para a execución da redacción do proxecto e posterior subministración e instalación de sistemas de iluminación artística na igrexa de Santiago de Vigo. que se imputarán á partida presupuestaria 75106110000 do vixente presuposto.

3º.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación de subministracións polo excmo. Concello de Vigo xunto coa Folla de Especificacións do Contrato (FEC) de data 04-10-2007 e o prego de prescripción técnicas para a redacción do proxecto e posterior subministración e instalación de sistemas de iluminación artística na igrexa de Santiago de Vigo.

4º.- Solicitar ofertas a tres empresarios capacitados para a execución do contrato.

32(1926).- ADXUDICACIÓN CATRO BOLSAS PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS EN OFICINAS DE INFORMACIÓN TURÍSTICA DE OUTUBRO DE 2007 ATA XULLO DE 2008. EXPTE. 2222/104.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 22.10.07 e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Turismo e Comercio, de data 11.10.07, conformado polo concelleiro de Turismo, Comercio e Industria, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Adxudicar as catro bolsas para a realización de prácticas nas oficinas de información turística municipal, ós/ás aspirantes que foron admitidos/as a esta convocatoria e que acadaron maior puntuación. Por orde de puntuación son:

APELIDOS E NOME	DNI	PUNTUACION
1.- Ana Sacarrera López	36.155.159-X	11,25 ptos
2.- Emma Díaz López	34.261.744-R	10,00 ptos
3.- Lucía Paz Barros	73.241.168-Z	9,90 ptos
4.- Natalia Barreira Fidalgo	36.157.165-S	9,55 ptos

2º Declárase como lista de suplentes a seguinte:

1.- Laura Baqueiro Alfonso	53.171.768-T	9,35 ptos
2.- Alexandra Touza David	53.174.954-N	8,40 ptos
3.- Patricia Mata Comesaña	36.114.437-K	7,25 ptos
4.- Patricia García Conde	36.168.768-A	7,10 ptos
5.- Patricia López Pérez	39.450.217-L	6,50 ptos
6.- Marta González Sellán	36.173.503-T	6,40 ptos
7.- Paula Toimil Mato	76.932.840-W	6,30 ptos
8.- Ana María Álvarez Estévez	53.181.218-C	6,15 ptos
9.- Paula Rogero Cuesta	34.876.236-W	5,95 ptos
10.- Ana Balado Figueroa	36.133.593-H	5,00 ptos
11.- Oscar Santos Fernández	36.167.357-H	4,50 ptos
11.- Nuria Pahino Dasilva	36.176.788-L	4,50 ptos
12.- Lorena Peña López	76.995.923-L	4,30 ptos
12.- Patricia Torres López	36.140.833-J	4,30 ptos
13.- Sara Rodal Alén	53.173.036-A	3,50 ptos

3º.- Aproba-lo gasto de 28.800 € para a dotación económica das bolsas de formación, dos que 9.000€ serán imputados con cargo a partida orzamentaria 7510.4810000 “Transferencias a Familias e Institucións”, do presuposto actualmente en vigor para o ano 2007 (15 de outubro ó 31 de decembro) e o resto, 19.800 €, imputados a partida 7510.4810000 “Transferencias a Familias e Institucións” do exercicio do 2008.

4º.- Aproba-lo gasto de 225 € para cubrir as pólizas de seguro por risco profesional para cada un dos/as adxudicatarios/as das becas, con cargo á partida 7510 2240000 do presuposto actualmente en vigor.

5º.- Que se libre a xustificar a cantidade de 9.225 € -correspondentes os dous meses e medio que quedan ata finais de ano (15 outubro - novembro e decembro), con cargo á partida 7510.4810000, a favor de Dona María Pilar Díaz de Bustamante, con D.N.I. 33.214.076-Y, para proceder ó pagamento mensual das becas ata finais de ano. Que se ingrese esta contía na conta habilitada do Departamento de Turismo número 2080 0000 78 0040246105.

33(1927).- OBRAS DE REHABILITACIÓN, URBANIZACIÓN E REURBANIZACIÓN DENTRO DO CONVENIO DA CONSELLERÍA DA VIVENDA E SOLO-CONCELLO DE VIGO EN ACTUACIÓNS ARCH BOUZAS. VIGO (4ª FASE-PROGRAMA 2007). EXPTE. 346/431.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da directora da Oficina de Rehabilitación, de data 18.10.07, conformado polo concelleiro delegado de Cascos Históricos, que di o seguinte:

I. FEITOS/ANTECEDENTES

5. *En data 26.02.2004 asínase o convenio de colaboración entre o IGVS e o Concello de Vigo en materia de actuacións na “Área de Rehabilitación Integrada” (ARI) do Barrio Histórico de Bouzas, correspondente á fase 1ª, e en datas 27.04.06 a fase 2ª e en data 23.04.07 a fase 3ª de actuacións como areas de rehabilitación de conxuntos históricos.*
6. *En data 30.09.02 o pleno do Concello aproba o Pepri do barrio histórico de Bouzas que se publica no B.O.P. o 26.11.02*
7. *En data 17 de outubro de 2007 recíbese unha comunicación verbal da Consellería da Vivenda e Solo solicitando Memoria programa Área de Rehabilitación do Barrio Histórico de Bouzas (Vigo), para o financiamento de actuacións de rehabilitación de vivendas dentro do marco da normativa de axudas estatais e autonómicas e do convenio suscrito entre a Comunitad de Galicia e o Ministerio da Vivenda e informando a concesión a este Concello de 25 actuacións: Ministerio da Vivenda (26,38%):204.009,07 euros; Xunta de Galicia (21,01%): 162.500,00 euros; particulares (29,1%): 225.000,00 euros*
8. *No artigo 61 do R.D. 801/2005 de 13 de xullo establécese que a subvención máxima do Ministerio da Vivenda será ata o 50% do custo de rehabilitación de edificios e vivendas cunha contía máxima de 6.000*

euros por vivenda, e ata o 30 % do custo das operacións de urbanización e reurbanización sempre que non exceda do 30% da subvención de rehabilitación.

9. No artigo 68 do Decreto 18/2006 de 26 de xaneiro establécese que a subvención da Consellería da Vivenda en materia de rehabilitación será ata o 30% do custo da rehabilitación de edificios e vivendas sen que a subvención media exceda de 5.000 euros por vivenda, e ata o 30 % do custo das operacións de urbanización e reurbanización sempre que non exceda do 30% da subvención de rehabilitación.
10. A contía máxima que aportaría o Ministerio da Vivenda para obras de urbanización e reurbanización, é de 45.000 euros. A contía máxima que aportaría a Xunta de Galicia é de 37.500 euros, polo que para recibir a subvención máxima dos dous organismos, a cantidade mínima de aportación municipal será de 168.255,88 euros segundo as porcentaxes fixadas no R.D. 801/2005 de 13 de xulio e no Decreto 18/2006 de 26 de xaneiro.

II. PROPOSTA DE ACORDO

Polo exposto anteriormente, proponse,

PRIMEIRO.- Que se inicien os trámites necesarios para que podan quedar incluídas as actuacións nas obras de rehabilitación e de urbanización e reurbanización, dentro da Memoria Programa de Rehabilitación do Barrio Histórico de Bouzas en Vigo como obras subvencionables polo Ministerio de Fomento e a Consellería da Vivenda e Solo.

SEGUNDO.- Que se emitan as correspondentes certificacións acreditativas da aprobación das aportacións do Concello de Vigo para o financiamento das actuacións sinaladas.

Acordo

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

34(1928).- OBRAS DE REHABILITACIÓN, URBANIZACIÓN E REURBANIZACIÓN DENTRO DO CONVENIO DA VIVENDA E SOLO-CONCELLO DE VIGO SOBRE ACTUACIÓNS ARCH CASCO VELLO DE VIGO (9ª FASE-PROGRAMA 2007). EXPTE. 345/431.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da directora da Oficina de Rehabilitación, de data 18.10.07, conformado polo concelleiro delegado de Cascos Históricos, que di o seguinte:

3. *En datas 24.11.1999, 24.11.2000, 02.08.2001, 11.12.2002, 14.07.2003, 20.10.2003 e 26.02.2004 asináronse os convenios de colaboración entre o IGVS e o Concello de Vigo en materia de actuacións na “Área de Rehabilitación Integrada” (ARI) do Casco Vello de Vigo, correspondentes ás fases, 1ª, 2ª, 3ª, 4ª, 5ª, 6ª respectivamente; e en data 27.04.06 na “Área de Rehabilitación de Centro Histórico” á fase 7ª e en data 23.04.07 a fase 8ª para o mesmo ámbito.*
4. *En data 22.08.06 publicase o Decreto 136/2006 do 27 de xullo, polo que se declara ben de Interese Cultural, coa categoría de Conxunto Histórico, a zona Vella da cidade de Vigo.*
5. *En Data 18.05.07 publicase no BOP a aprobación definitiva do Plan especial de protección e reforma interior para o Casco vello de Vigo.*
6. *En data 17 de outubro de 2007 recíbese unha comunicación da Consellería da Vivenda e Solo solicitando Memoria programa Área de Rehabilitación do Casco vello de Vigo, para o financiamento de actuacións de rehabilitación de vivendas dentro do marco da normativa de axudas estatais e autonómicas e do convenio suscrito entre a Comunidade Autónoma de Galicia e o Ministerio da Vivenda e informando a concesión a este Concello de 40 actuacións: Ministerio da Vivenda: (14,34%) 339.600 euros; Xunta de Galicia (10,98%) 260.000 euros; particulares: (59,49%) 360.000 euros.*
7. *No artigo 61 do R.D. 801/2005 de 13 de xulio establécese que a subvención máxima do Ministerio de Fomento será ata o 50% do custo de rehabilitación de edificios e vivendas cunha contía máxima de 6.000 euros por vivenda, e ata o 30 % do custo das operacións de urbanización e reurbanización sempre que non exceda do 30% da subvención de rehabilitación.*
8. *No artigo 68 do Decreto 18/2006 de 26 de xaneiro establécese que a subvención da Consellería da Vivenda en materia de rehabilitación será ata o 30% do custo da rehabilitación de edificios e vivendas sen que a subvención media exceda de 5.000 euros por vivenda, e ata o 30 % do custo das operacións de urbanización e reurbanización sempre que non exceda do 30% da subvención de rehabilitación.*
9. *Inclúense actuacións complementarias de urbanización e reurbanización, para acometer por parte do Concello de Vigo. A proposta inicial correspóndese coas obras previstas de remodelación das instalacións de alumeado público no Casco Vello da cidade de Vigo.*
10. *A contía máxima que aportaría o Ministerio da Vivenda para obras de urbanización e reurbanización, é de 72.000 euros. A contía máxima que aportaría a Xunta de Galicia é de 60.000 euros, polo que para recibir a*

subvención máxima dos dous organismos, a cantidade de aportación municipal será de 1.409.400 euros segundo as porcentaxes fixadas no R.D. 801/2005 de 13 de xulio e no Decreto 18/2006 de 26 de xaneiro.

II. PROPOSTA DE ACORDO

Polo exposto anteriormente, proponse,

PRIMEIRO.- Que se inicien os trámites necesarios para que podan quedar incluídas as actuacións en obras de rehabilitación e de urbanización e reurbanización , dentro da Memoria Programa de Rehabilitación do Casco vello de Vigo como obras subvencionables polo Ministerio de Fomento e a Consellería da Vivenda e Solo.

SEGUNDO.- Que se emitan as correspondentes certificacións acreditativas da aprobación das aportacións do Concello de Vigo para o financiamento das actuacións sinaladas.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

35(1929).- ENCOMENDA DE FUNCIÓNS DE RESPONSABILIDADE NA XESTIÓN DA TENENCIA DE ALCALDÍA.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Dáse conta do Decreto de data 22.10.07, polo que o Excmo. Alcalde resolve o seguinte:

“Primeiro.- Encomendar, ó abeiro do disposto no artigo 73 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, funcións de responsabilidade na xestión da Tenencia de Alcaldía e de coordinación da planificación das Áreas de Industria, Comercio, Turismo e Cascos Históricos, Cultura, Animación Sociocultural, Benestar Social, deportes, Xuventude, Igualdade, Normalización Lingüística e Patrimonio Histórico a D. José Ángel Otero Lamas, persoal laboral do IMD, de conformidade coa efectuada en data 10.10.07. A presente encomenda terá carácter provisional e durará ata a creación, mediante os mecanismos legalmente previstos do órgano directivo denominado “coordinador xeral da Área de Tenencia de Alcaldía” e posterior nomeamento do seu titular conforme á lexislación vixente en materia de réxime local.

Segundo.- Da presente resolución, que xurdirá efectos a partires do seguinte día ó da súa notificación, dése traslado ó interesado, concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, xefes/as das Áreas e servizos correspondentes e concelleiro/as-delegados /as das Áreas afectadas, Xefatura da Área de Réxime Interiro, Instituto Municipal de Deportes e Unidade de Persoal.

Terceiro.- Dar conta da presente á Xunta de Goberno local para o seu coñecemento.”

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

36(1930).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesión ás nove horas e vinte e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

me.